



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ampliando o noso alfabeto motriz.  
Proxecto interdisciplinario de Educación Física e Inglés.

Ampliando nuestro alfabeto motriz.  
Proyecto interdisciplinar de Educación Física e Inglés.

Expanding our motor alphabet.  
Interdisciplinary project in Physical Education and English.



GRAO EN CIENCIAS DA  
ACTIVIDADE FÍSICA E DO  
DEPORTE

Curso 2021/2022

Autor: Sergio Cancela Añón

Titora: María Belén Toja Reboredo

## Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	5
2. MARCO TEÓRICO .....	7
2.1 Educación Física e sedentarismo .....	7
2.2 Inglés e situación actual.....	8
2.3 Aprendizaxe baseada en proxectos e aprendizaxe cooperativo .....	8
2.3 Proposta.....	9
3. MARCO LEGAL.....	10
3.1 Nivel estatal: .....	10
3.2 Nivel autonómico: .....	10
4. REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA .....	11
4.1 Metodoloxía da revisión bibliográfica .....	12
4.2 Resultados revisión bibliográfica .....	15
4.3 Discusión revisión bibliográfica .....	21
4.4 Conclusión .....	24
5. CONTEXTUALIZACIÓN .....	25
5.1 Localización e poboación.....	25
5.2 O centro .....	26
5.3 Sinais de identidade do centro .....	28
5.4 Persoal e organización do centro .....	28
5.5 O alumnado .....	29
As características deste grupo de idade descríbense máis a fondo no apartado .....	30
5.6 Plans de Centro.....	30
5.7 Medidas de atención á diversidade.....	31
6. XUSTIFICACIÓN E BREVE DESCRICIÓN .....	32
6.1 Análise DAFO .....	33
7. OBXECTIVOS.....	34
7.1 Obxectivos xerais .....	34
7.2 Obxectivos de aprendizaxe do alumnado .....	34
8. RELACIÓN DO PROXECTO COAS COMPETENCIAS.....	35
9. RELACIÓN DO PROXECTO CO DECRETO/REAL DECRETO .....	36
10. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO INTERDISCIPLINARIO.....	42
10.1 Fases do proxecto.....	42
10.2 Responsables do proxecto.....	43

10.3 Destinatarios.....	43
10.4 Temporalización .....	44
10.5 Resumo das actividades e tarefas .....	45
10.6 Recursos materiais e humanos.....	47
10.7 Desenvolvemento das tarefas .....	47
10.8 Pautas metodolóxicas.....	54
10.9 Atención á diversidade .....	54
10.10 Avaliación do estudante e do proxecto.....	55
10.10.1. Estudante .....	55
10.10.2 Proxecto .....	55
10.11 Xestión de risco .....	56
11. Análise de competencias do Grao respecto ao TFG .....	57
11.1 Análise por bloques .....	57
11.1.1 Análise das competencias específicas .....	57
11.1.2 Análise competencias básicas.....	61
11.1.3 Análise competencias nucleares.....	64
11.2 Análise global das competencias.....	65
12. Conclusións.....	66
13. Referencias.....	67
14. Anexos .....	71
Anexo 1. Inventario de material de Educación Física.....	71
Anexo 2. Fichas de avaliación e rúbricas .....	75
Anexo 3. Itinerario da saída en bicicleta. ....	81
Anexo 4. Mapas da ruta en bicicleta .....	86

## Índice de ilustracións

ILUSTRACIÓN 1 FACHADA DO IES SALVADOR DE MADARIAGA. ....	25
ILUSTRACIÓN 2 SITUACIÓN DO IES SALVADOR DE MADARIAGA. EXTRAÍDO DE GOOGLE EARTH. ....	26
ILUSTRACIÓN 3 LOGOTIPO DO IES SALVADOR DE MADARIAGA. ....	26
ILUSTRACIÓN 4 VISTA AÉREA DO IES SALVADOR DE MADARIAGA. EXTRAÍDO DE: GOOGLE EARTH.....	27
ILUSTRACIÓN 5 ORGANIGRAMA DO CENTRO. ELABORACIÓN PROPIA. ....	29
ILUSTRACIÓN 6. PRIMEIRO TRAMO DO RECORRIDO. OBTIDO DE GOOGLE MAPS. ....	86
ILUSTRACIÓN 7. SEGUNDO TRAMO DO RECORRIDO. OBTIDO DE GOOGLE MAPS. ....	86
ILUSTRACIÓN 8. TRAXECTO DE VOLTA AO INSTITUTO. OBTIDO DE GOOGLE MAPS. ....	87

## Índice de táboas

TÁBOA 1. CRITERIOS DE INCLUSIÓN E DE EXCLUSIÓN. ELABORACIÓN PROPIA. ....	12
TÁBOA 2. RESULTADOS DA BUSCA NAS BASES DE DATOS. ELABORACIÓN PROPIA. ....	12
TÁBOA 3. RESUMO DA BUSCA. ELABORACIÓN PROPIA. ....	14
TÁBOA 4. RESULTADOS DA REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA. ELABORACIÓN PROPIA. ....	15
TÁBOA 5. TEMÁTICA DOS ARTIGOS SELECCIONADOS. ELABORACIÓN PROPIA. ....	21
TÁBOA 6. DISTRIBUCIÓN DEPARTAMENTOS. ELABORACIÓN PROPIA. ....	28
TÁBOA 7. ANÁLISE DAFO. ELABORACIÓN PROPIA. ....	33
TÁBOA 8. CONTIDOS DO RD PARA EF. ELABORACIÓN PROPIA. ....	36
TÁBOA 9. CONTIDOS DO RD PARA INGLÉS. ELABORACIÓN PROPIA. ....	39
TÁBOA 10. TEMPORALIZACIÓN DO PROXECTO. ELABORACIÓN PROPIA. ....	44
TÁBOA 11. RESUMO DE ACTIVIDADES E TAREFAS DO PROXECTO. ELABORACIÓN PROPIA. ....	45
TÁBOA 12. TAREFAS DO PROXECTO INTERDISCIPLINARIO. ELABORACIÓN PROPIA. ....	47
TÁBOA 13. SÍNTESE DAS COMPETENCIAS DO GRAO. ELABORACIÓN PROPIA. ....	57
TÁBOA 14. ANÁLISE DAS COMPETENCIAS DO GRAO DESENVOLVIDAS NO TFG. ....	57
TÁBOA 15. INVENTARIO DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA. ELABORACIÓN PROPIA. ....	71
TÁBOA 16. FICHA DE AUTOAVALIACIÓN. ELABORACIÓN PROPIA. ....	75
TÁBOA 17. FICHA DE COAVALIACIÓN. ELABORACIÓN PROPIA. ....	75
TÁBOA 18. RÚBRICA DO LIPDUB. ELABORACIÓN PROPIA. ....	76
TÁBOA 19. RÚBRICA REMAKE CASEIRO. ELABORACIÓN PROPIA. ....	77
TÁBOA 20. RÚBRICA "A NOSA HISTORIA, SOBRE RODAS". ELABORACIÓN PROPIA. ....	78
TÁBOA 21. FICHA DE AVALIACIÓN DO PROXECTO (PARA ALUMNADO). ELABORACIÓN PROPIA. ....	79
TÁBOA 22. FICHA DE AVALIACIÓN DO PROXECTO (PARA PROFESORADO). ELABORACIÓN PROPIA. ....	80
TÁBOA 23. ITINERARIO DA SAÍDA FINAL EN BICICLETA. ELABORACIÓN PROPIA. ....	81

## 1. INTRODUCCIÓN

Este documento corresponde ao Traballo de Fin de Grao, materia obrigatoria do 4º curso do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física, con valor de 6 créditos ECTS.

Consistirá no deseño dun proxecto de intervención interdisciplinario no IES Salvador de Madariaga, implementando unha metodoloxía AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Lingua Estranxeira) nas clases de Educación Física. Para iso implicaremos basicamente as áreas de Educación Física e Inglés, sendo necesaria unha coordinación entre elas para evitar a repetición de contidos e axustar o nivel esixido ao alumnado á realidade. Será un modelo pensado para implantar no curso 2022/2023, centrándonos no alumnado de 1º da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Este método de traballo véñse utilizando no sistema educativo español desde o primeiro lustro do presente século (Ministerio de Educación e Formación Profesional, 2019), e por exemplo, no curso académico 2018/2019, un 35,3% do alumnado da ESO participou neste tipo de programas (INTEF, 2020). A crecente presenza deste modelo no sistema educativo, e concretamente na EF, colle significado se consultamos a autores como Alonso Rueda et al. (2015), Campillo Piqueras (2017), Fernández Barrionuevo et al. (2021), que coinciden en que a Educación Física se mostra como unha das materias máis adecuadas para a introdución da aprendizaxe dunha lingua estranxeira, con capacidade para producir melloras lingüísticas e de utilizar a lingua en situacións comunicativas reais, dun xeito máis funcional.

Un dos principais problemas na integración dos contidos lingüísticos na Educación Física (EF) bilingüe é a ausencia dunha metodoloxía de traballo común entre os departamentos implicados e os respectivos docentes (Molero Clavellinas, 2011a), de modo que nesta proposta buscarase un funcionamento verdadeiramente interdisciplinario, para evitar que ás áreas de EF e Inglés traballen como dous compartimentos estancos.

Baseándonos na percepción que ten o alumnado en función da metodoloxía utilizada, estudado por García-Calvo Rojo e Salaberri (2018), optaremos por un método construtivista, que amosa uns índices de satisfacción maiores nos estudantes, e polo tanto, evítanse na medida do posible os métodos tradicionais. A través de distintas actividades e tarefas, conseguiremos provocar máis situacións comunicativas nas que se optimicen as posibilidades de utilización do inglés.

As tarefas propostas describíranse en profundidade máis adiante, pero tratarase de unha gran tarefa en cada trimestre. No primeiro trimestre levarase a cabo un *Lipdub*, que o alumnado terá que organizar (con axuda do profesorado), levar a cabo, filmar e mostrar o resultado final. Para a segunda avaliación, planificouse un *Remake caseiro* no que deberán recrear escenas de películas con temática deportiva e en lingua inglesa. Por último, na última avaliación, deportistas profesionais anglófonos do Básquet Coruña e do Deportivo ABANCA visitarán o centro para impartir unhas *master class* dos seus respectivos deportes, e tamén para seren entrevistados/as polo propio alumnado (en lingua inglesa); como colofón ao proxecto, e despois dunhas sesións prácticas preparatorias, realizarase unha ruta en bicicleta á que acudirán os e as deportistas que previamente visitaran o instituto, de modo que os estudantes

poidan facerlles unha breve exposición de lugares emblemáticos da cidade, de novo, en lingua inglesa.

A estrutura do traballo parte da presentación dun marco teórico, a través do cal quedarán definidos os conceptos fundamentais a ter en conta, e o estado actual do tema elixido. Posteriormente mencionárase o marco legislativo vixente, o cal é imprescindible para a elaboración dun proxecto viable nun entorno educativo, e contextualízase a proposta aportando información sobre o centro e o ambiente no que será levada a cabo. Inclúese tamén un resumo da revisión bibliográfica levada a cabo para obter a maior cantidade de información posible, e apoiarnos noutros autores.

Nos seguintes apartados veremos a elaboración da proposta, que iniciaremos establecendo os puntos de relación entre os currículos das áreas involucradas, para programar uns contidos comúns, a súa temporalización e encargados de levarlos a cabo, para finalmente propoñer as actividades concretas a desenvolver, o método de avaliación, atención á diversidade e indicar a bibliografía empregada para a realización deste traballo.

Os principais obxectivos persoais deste traballo son:

- Programar un proxecto interdisciplinario entre as áreas de Educación Física e Inglés aplicable no IES Salvador de Madariaga para o alumnado de 1º da ESO.
- Aproveitar de xeito correcto a literatura máis recente sobre o tema, para intentar estar informado e actualizado no ámbito que máis me interesa de cara ao meu futuro profesional, a docencia.
- Realizar un Traballo de Fin de Grao que poida ser aplicable ou útil nun futuro.
- Afondar en dous dos temas, que persoalmente e malia ter unha carga horaria reducida, máis importantes me parecen a nivel educativo: a educación física e a aprendizaxe do inglés.

## 2. MARCO TEÓRICO

Neste apartado definiranse os conceptos máis importantes para o desenvolvemento deste traballo e que son fundamentais para comprender a proposta.

Tratándose dun proxecto interdisciplinario entre as áreas de Educación Física e Inglés, centraremos o foco de atención na problemática á que poden dar solución, hoxe en día, cada unha das dúas áreas.

### 2.1 Educación Física e sedentarismo

Por unha parte, a través da EF podemos incentivar comportamentos que combatan o sedentarismo e a inactividade física, que constitúen grandes factores de risco para a nosa saúde. Seguindo a definición aportada por Pate (2008), un comportamento sedentario é aquel no que as actividades realizadas non supoñen un incremento do gasto enerxético en repouso. Exemplos destas actividades serían durmir, estar deitado, vendo a televisión ou con calquera outro tipo de entretemento a través de pantallas.

Tendo presente isto, a materia de Educación Física na ESO concíbese, segundo a Lei Orgánica de Modificación da LOE (2020) como:

*...un medio para conseguir que o alumnado consolide un estilo de vida activo, asente o coñecemento da propia corporalidade, desfrute das manifestacións culturais de carácter motriz, integre actitudes ecosocialmente responsables ou afiance o desenvolvemento de todos os procesos de toma de decisión que interveñen na resolución de situacións motrices. (LOMLOE, 2020, pp 79)*

Todos os obxectivos mencionados son importantes, pero toma especial relevancia a consolidación dun estilo de vida activo, que sería chave para intentar cumprir coas recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS), que en 2020 estimou que máis do 80% dos adolescentes a nivel mundial realizaban un nivel insuficiente de actividade física.

Cabe engadir que pese a que están bastante relacionados e que moita xente use os termos de maneira indiscriminada, os comportamentos sedentarios ou sedentarismo, non son o mesmo que a inactividade física.

O non cumprimento dos mínimos de actividade física propostos pola OMS (2020), é o que se coñece como inactividade física. De maneira que unha persoa pode realizar exercicio físico moderado ou intenso 1 hora todos os días, pero tamén pasar sentada a súa xornada laboral, facer traxectos en coche, autocar, tren... ou mesmo no sofá mentres ve a televisión unha vez chega á casa; neste caso sería unha persoa activa fisicamente, pero que presenta conductas sedentarias na súa vida diaria.

Estas recomendacións mínimas son realizar 60 minutos diarios de actividade física aerobia de intensidade moderada ou vigorosa. Ademais, realizar actividades vigorosas que reforcen a

musculatura e os ósos 3 días á semana e reducir ao máximo o tempo diante das pantallas e con comportamentos sedentarios. A través da actividade física pódense reducir os síntomas de depresión e ansiedade, mellóranse as habilidades de razoamento, aprendizaxe e xuízo, e asegura o crecemento e desenvolvemento saudable dos adolescentes. (OMS, 2020)

En definitiva, a actividade física regular mellora a saúde das persoas nas tres dimensións propostas por Engel (1977) no seu modelo biopsicosocial da enfermidade, que considera os factores psicolóxicos, biolóxicos e sociais, como coexistentes de maneira interdependente en todas as enfermidades.

## 2.2 Inglés e situación actual

Por outra parte, na actualidade, a globalización é un fenómeno á orde do día, consistente no aumento continuo da interconexión entre as diferentes nacións do mundo nos planos económico, político, social e tecnolóxico. (Montero García, 2019). O liderado do mundo anglosaxón durante esta etapa provocou que o inglés a día de hoxe sexa considerada a principal lingua para a comunicación internacional, estando presente nos sistemas educativos de todo o mundo, tanto países desenvolvidos como nos do terceiro mundo (Estrada e García, 2001).

Dada a relevancia adquirida por esta lingua, faise imprescindible a súa aprendizaxe para o acceso a diversos estudos superiores ou para a incorporación ao mercado laboral, e os alumnos de ESO xa son coñecedores disto, segundo o observado por Salvador García (2018).

Os resultados dun estudo sobre o nivel de inglés realizado por EF English Proficiency Index (2021), sitúan España no posto 25, dentro de 35 países europeos analizados, e obtendo unha cualificación de “nivel medio”. Son datos mellorables, e outra mala nova é que desde 2014 se segue unha tendencia á baixa nesta lista.

Nos últimos anos, véñse dando un cambio do paradigma no ensino do inglés como lingua estranxeira, pasando dunha pedagogía máis tradicional a métodos máis innovadores. (Lin, 2008) Un exemplo é o enfoque construtivista, que na comparación cos métodos tradicionais obtén unha mellor valoración por parte do alumnado en canto ao nivel de satisfacción (García-Calvo Rojo e Salaberri Ramiro, 2018).

## 2.3 Aprendizaxe baseada en proxectos e aprendizaxe cooperativo

Durante a realización deste proxecto dúas das metodoloxías de traballo que se utilizarán serán a aprendizaxe baseada en proxectos (AbP) e a aprendizaxe cooperativa (AC), que buscan activar ao alumnado, propiciar aprendizaxes significativas e romper ca tendencia dos estilos directivos na educación secundaria.

A **aprendizaxe baseada en proxectos** é un enfoque didáctico que pretende deixar de lado o ensino reduccionista e repetitivo, con contidos afastados da realidade, para implicarse nun traballo máis estimulador e complexo, vinculado cunha temática achegada ao alumnado e ao entorno social no que se desenvolve. (Blázquez, 2016)

En canto á **aprendizaxe colaborativa**, definiuse nos últimos tempos como a metodoloxía activa de ensino máis utilizada polo profesorado para optimizar as aprendizaxes dos seus alumnos. O docente promove a creación de relacións persoais e hábitos de traballo positivos



que fomenten a autoestima e o benestar individual e grupal para convivir correctamente. (Blázquez, 2016)

### 2.3 Proposta

Tendo en conta o contexto presentado nos parágrafos anteriores, a través do proxecto interdisciplinario que se presenta, téntase aportar unha proposta que combinando EF e Inglés, consiga cumprir os obxectivos propios da EF e que favoreza as melloras de carácter lingüístico como propuxo Fernández Barrionuevo (2021).

Salvador García (2016, 2018) considera que a lóxica interna da EF convértea nun ámbito adecuado para a introdución dunha lingua estranxeira, porque a través de propiciar situacións comunicativas pódese lograr un uso da lingua funcional e aplicado á realidade, potenciando deste modo as posibles aprendizaxes.

Tamén existe a posibilidade de que a través dalgunhas actividades conxuntas entre os departamentos se poidan engadir horas de actividade física a maiores das dúas dispoñibles en horario da materia, engadindo máis tempo de actividade física á rutina do alumnado.

### 3. MARCO LEGAL

Neste punto recompílanse as leis en base ás cales se deben planificar os proxectos e as ensinanzas do Sistema Educativo, partindo do máis xeral a nivel de todo o Estado, ata chegar ao máis concreto coas normativas do centro:

#### 3.1 Nivel estatal:

A **Constitución Española** (1978), no artigo 43.3 do Título I, Capítulo III, establece que a educación física e o deporte serán fomentados polos poderes públicos, polo tanto este documento son os cimentos de todas as leis que definen o marco educativo en España.

**Lei Orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (**LOMLOE**). Esta nova lei educativa nace co obxectivo de establecer un renovado ordenamento legal que aumente as oportunidades educativas e formativas de toda a poboación, contribuíndo así á mellora dos resultados educativos do alumnado, e satisfaga a demanda xeralizada na sociedade española dunha educación de calidade para todos.

#### 3.2 Nivel autonómico:

Para regular a atención á diversidade do alumnado, a lei que tomaremos como referencia é o **Decreto 229/2011**, que ten como finalidade facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno/a e o seu potencial de aprendizaxe, facilitando a adquisición de competencias e consecución de obxectivos previstos para cada etapa. Neste proxecto búscase posibilitar a participación de todo o alumnado, intentando adaptar as actividades ás dificultades de cada un

**Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, onde a raíz de problemas no cumprimento dos fins da educación debido a situacións de mala convivencia e acoso escolar, se estableceu unha guía de actuación para mellorar dita situación.

No momento da elaboración deste traballo, o decreto polo cal se especifica o currículo a nivel autonómico aínda non foi publicado, pero sería outro dos documentos a incluír neste apartado, xa que a partir del poderíanse concretar máis os obxectivos, saberes básicos, etc. con alcanzar en cada tarefa.

#### 4. REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA

A revisión bibliográfica levada a cabo neste apartado centrarase nos proxectos interdisciplinarios entre as áreas de Educación Física e Linguas Estranxeiras. O principal interese da busca é comprobar se existen diferenzas en canto ao tempo de práctica nas clases de Educación Física entre os grupos bilingües e os grupos ordinarios, pero tamén se recolle información máis ligada á metodoloxía de implantación destes programas e acerca da percepción e efectos sobre alumnado e profesorado involucrado neles.

A palabra **interdisciplinario**, segundo a Real Academia Galega (RAG) ten o seguinte significado: *que é común a dúas ou máis disciplinas.* (RAG, 2022).

Para o mesmo termo, pero xa encadrado no contexto da ensinanza, Borges e Ferreira (2007) achegaron o seguinte:

*“...a interdisciplinariedade é vista como un proceso que implica a integración e o compromiso dos educadores. Trátase de traballar xuntos, coa interacción das materias do currículo escolar entre si e ca realidade. Superando a fragmentación da educación, alcanzamos a formación integral dos alumnos para o exercicio crítico da cidadanía, a través dunha visión global do mundo, favorecendo o enfrontamento de problemas complexos.”* (Borges e Ferreira, 2007, p. 87)

Outra definición que nos pode ser de axuda, é a de **interdisciplinariedade escolar** (Lenoir e Sauvé, 1998, como se citou en Lenoir, 2013):

*“Trátase da instalación de conexións (relacións) entre dúas ou máis disciplinas escolares. As devanditas conexións son establecidas a nivel curricular, didáctico e pedagógico e conducen ao establecemento de vínculos de complementariedade ou cooperación, de interpretacións ou accións recíprocas entre estes e os seus diferentes aspectos (finalidades, obxectos de estudo, conceptos, e nocións, procedementos de aprendizaxe, habilidades técnicas, etc.), co obxecto de promover a integración tanto de procesos de aprendizaxe como dos saberes no alumno”* (Lenoir e Sauvé, 1998, p. 121).”

O tipo de proxectos interdisciplinarios que buscamos pódese encontrar con diversas nomenclaturas, simplemente “Educación Física Bilingüe”, metodoloxía AICLE (Aprendizaxe de Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras) ou CLIL nas súas siglas en inglés (Content and Language Integrated Learning).

Enténdese como metodoloxía AICLE aqueles programas bilingües cun “enfoque que integra o estudo das linguas estranxeiras e o dos contidos curriculares ao mesmo tempo, ademais de potenciar o desenvolvemento das linguas empregadas para a instrución curricular.” (Ministerio de Educación e Formación Profesional, 2019).

Este tipo de programas implementáronse durante o primeiro lustro deste s.XXI en España para dar resposta á demanda de aprender un segundo idioma e servirannos como referencia á hora de realizar esta revisión da bibliografía existente.

## 4.1 Metodoloxía da revisión bibliográfica

A revisión bibliográfica levouse a cabo utilizando as principais bases de datos ás que nos dá acceso a conta institucional da Universidade da Coruña: Dialnet, ERIC, SCOPUS e Web of Science.

Para realizar a busca utilizáronse as seguintes palabras clave: “physical education”, “bilingual” e “bilingualism”. A ecuación resultante foi: “physical education” AND (bilingual OR bilingualism).

O feito de só utilizar 3 palabras clave e que a ecuación sexa tan simple, é debido á escaseza de resultados

Táboa 1. Criterios de inclusión e de exclusión. Elaboración propia.

INCLUSIÓN	EXCLUSIÓN
Artigos de investigación (revista)	Outros documentos (libros, conferencias, ...)
Publicados nos últimos 10 anos	Publicados hai máis de 10 anos
Idioma: español, inglés, portugués e francés	En idiomas diferentes a español, inglés, portugués e francés
Acceso ao texto completo	Con acceso restrinxido ao texto completo
Contido do abstract coherente coa busca	Contido do abstract incoherente coa busca
Contido do texto completo coherente coa busca	Contido del texto completo incoherente con la busca
En caso de estar repetido en dúas ou máis bases, incluír só na de máis nivel	En caso de estar repetido en dúas ou máis bases, eliminar na/s de menor nivel

Táboa 2. Resultados da busca nas bases de datos. Elaboración propia.

BASE DE DATOS		SCOPUS		
<b>Data de busca</b>		30/01/2022		
<b>Palabras clave</b>		“physical education”, “bilingual”, “bilingualism”		
<b>Ecuación de busca</b>		"physical education" AND (bilingualism OR bilingual)		
<b>Documentos totais encontrados</b>		29		
PROCESO DE SELECCIÓN				
Criterio/Filtro		Número de artigos		
		Iniciais	Eliminados	Restantes
<b>Tipo de documento</b>	Artigo de investigación (revista)	29	2	27
<b>Anos de publicación</b>	2011-2022	27	5	22
<b>Acceso</b>	Aberto	22	15	7
<b>Idioma</b>	Español, inglés, portugués e francés	7	0	7
<b>O resumo/abstract non se adecúa ao obxecto de estudio</b>		7	3	4
<b>Tras a lectura do texto completo o contido non se adecúa ao obxecto de estudio</b>		4	1	3
<b>Repetidos noutra base de datos</b>		3	2	1
<b>Resultado final</b>		1		

BASE DE DATOS		Web of Science		
Data de busca		30/01/2022		
Palabras clave		"physical education", "bilingual", "bilingualism"		
Ecuación de busca		"physical education" AND (bilingualism OR bilingual)		
Documentos totais encontrados		31		
PROCESO DE SELECCIÓN				
Criterio/Filtro		Número de artigos		
		Iniciais	Eliminados	Restantes
Tipo de documento	Artigo de investigación (revista)	31	3	28
Anos de publicación	2011-2022	28	4	24
Acceso	Aberto	24	15	9
Idioma	Español, inglés, portugués e francés	9	0	9
<b>O resumo/abstract non se adecúa ao obxecto de estudio</b>		9	3	6
<b>Tras a lectura do texto completo o contido non se adecúa ao obxecto de estudio</b>		6	1	5
<b>Repetidos noutra base de datos</b>		5	2	3
<b>Resultado final</b>		3		

BASE DE DATOS		ERIC		
Data de busca		30/01/2022		
Palabras clave		"physical education", "bilingual", "bilingualism"		
Ecuación de busca		"physical education" AND (bilingualism OR bilingual)		
Documentos totais encontrados		163		
PROCESO DE SELECCIÓN				
Criterio/Filtro		Número de artigos		
		Iniciais	Eliminados	Restantes
Tipo de documento	Artigo de investigación (revista)	163	143	20
Anos de publicación	2011-2022	20	15	5
Acceso	Aberto	5	0	5
Idioma	Español, inglés, portugués e francés	5	0	5
<b>O resumo/abstract non se adecúa ao obxecto de estudio</b>		5	3	2
<b>Tras a lectura do texto completo o contido non se adecúa ao obxecto de estudio</b>		2	1	1
<b>Repetidos noutra base de datos</b>		1	0	1
<b>Resultado final</b>		1		

BASE DE DATOS		Dialnet		
Data de busca		03/02/2022		
Palabras clave		"educación física", "bilingüe", "bilingüismo"		
Ecuación de busca		"educación física" AND (bilingüe OR bilingüismo)		
Documentos totais encontrados		65		
PROCESO DE SELECCIÓN				
Criterio/Filtro		Número de artigos		
		Iniciais	Eliminados	Restantes
Tipo de documento	Artigo de investigación (revista)	65	12	53
Anos de publicación	2011-2022	53	7	46
Acceso	Aberto	46	6	40
Idioma	Español, inglés, portugués e francés	40	0	40
O resumo/abstract non se adecúa ao obxecto de estudio		40	22	18
Tras a lectura do texto completo o contido non se adecúa ao obxecto de estudio		18	1	17
Repetidos noutra base de datos		17	2	15
Resultado final		15		

Como resumo da busca realizada preséntase a seguinte táboa:

Táboa 3. Resumo da busca. Elaboración propia.

	Iniciais	Eliminados	Restantes
<b>Criterio 1: Artículo de revista</b>	288	160	128
<b>Criterio 2: Publicado entre 2011-2022</b>	128	31	97
<b>Criterio 3: Acceso ao texto completo</b>	97	36	61
<b>Criterio 4: Idioma español, portugués francés ou inglés</b>	61	0	61
<b>Criterio 5: O resumo/abstract non se adecúa ao obxecto de estudio</b>	61	32	29
<b>Criterio 6: Tras a lectura do texto completo o contido non se adecúa ao obxecto de estudio</b>	29	3	26
<b>Criterio 7: Repetidos noutra base de datos</b>	26	6	20
<b>Resultado final</b>			
<b>20</b>			

## 4.2 Resultados revisión bibliográfica

A continuación expónse brevemente a temática e principais conclusións dos artigos seleccionados:

Táboa 4. Resultados da revisión bibliográfica. Elaboración propia.

<b>Autor/es(Ano)</b>	<b>Tema</b>	<b>Conclusións</b>
<i>Agraso López (2021)</i>	Este estudo propúxose coñecer o nivel de satisfacción do alumnado respecto ás clases de EF en inglés.	-Os alumnos con mellores notas correspóndense cos que habitualmente participan e disfrutan máis das clases, tanto en español como en inglés -Os alumnos/as que non fan deporte, séntense menos motivados e menos satisfeitos cas clases de EF, e o nivel de satisfacción cas clases é incluso menor cando se realizan en inglés. -Na modalidade de EF bilingüe o rendemento académico e participación foron menores, e tamén se viu diminuído o disfrute das clases.
<i>Alonso Rueda (2015)</i>	Análise dunha proposta de intervención en EF bilingüe na educación primaria, a través de xogos populares e tradicionais ingleses.	-Consecución de altos niveis de motivación e implicación entre o alumnado. -Aumento e mellora no uso da lingua estranxeira ao longo das clases, debido á desinhibición.
<i>Baena Extremera (2017)</i>	Neste artigo analízase o grao de satisfacción do alumnado cara a EF bilingüe e o seu significado á hora de adquirir aprendizaxes.	-Maior grao de satisfacción/diversión, nas actividades feitas na clase de EF bilingüe e valores de aburrimiento baixos en ambos grupos. -Un alto grao de diversión aumenta o compromiso dos/as estudantes cara a aprendizaxe dunha nova lingua. -O alumnado cun alto grao de motivación aprende antes e obtén mellores resultados na aprendizaxe da lingua estranxeira. -Para conseguir unha maior satisfacción/diversión no alumnado, unha estratexia que poderían aplicar os profesores sería promover un clima motivacional de implicación nas tarefas que oriente ao alumnado cara metas de mestría nas clases.
<i>Campillo Piqueras (2017)</i>	Deseño e implantación da metodoloxía CLIL na EF.	-A EF é unha boa ferramenta para conseguir melloras lingüísticas na lingua estranxeira. -A aprendizaxe da lingua estranxeira a través de actividades motivadoras ou desafíos incrementan a competencia comunicativa nos nenos/as.

<i>Coral (2020)</i>	Estudo sobre o efecto dos programas CLIL sobre o tempo de práctica dos alumnos en Educación Física	-En grupos con EF integrada en programas CLIL, o tempo de actividade é lixeiramente inferior ao recomendado. -O emprego de materiais facilita a aprendizaxe da lingua estranxeira, pero réstalle tempo á parte práctica. -Propóñense dúas estratexias para paliar esta perda de tempo: unha mellor formación do profesorado destes grupos ou outorgarlle períodos máis longos de clase aos grupos CLIL.
<i>Fernández Barrionuevo (2021)</i>	Percepción do alumnado sobre a EF bilingüe AICLE, e a influencia cara a aprendizaxe de linguas estranxeiras.	-Ademais dos beneficios propios da EF, tamén se conseguen melloras na predisposición á hora de comunicarse na lingua estranxeira, e nas cualificacións da materia de Inglés, podendo desencadear unha mellora en aspectos lingüísticos que compense a redución horaria en materias de lingua estranxeira. -Deberá adaptarse a formación inicial e continua do profesorado para garantir que a metodoloxía AICLE teña os efectos desexables.
<i>García-Calvo (2019)</i>	O propósito deste estudo é dobre, por un lado coñecer a satisfacción do alumnado cos programas CLIL, e por outro lado coñecer tamén se o nivel de satisfacción pode estar condicionado polo xénero ou a idade.	-O nivel de satisfacción dos alumnos/as está relacionado directamente co nivel de diversión e indirectamente co nivel de aburrimiento durante as clases de EF. -A idade condiciona o nivel de satisfacción, xa que os/as estudantes máis novos/as teñen niveis de satisfacción máis altos que os maiores.
<i>García-Calvo Rojo e Salaberri Ramiro (2018)</i>	Neste estudo analízase a percepción das clases de EF por parte do alumnado, comparando dous enfoques metodolóxicos distintos (construtivista e tradicional) en grupos bilingües e non bilingües.	-Altos índices de satisfacción cando se seguen métodos construtivistas (xogos e deportes modificados), tanto na lingua materna como na segunda lingua. -Baixa percepción de satisfacción nos grupos instruídos con metodoloxía tradicional, tanto bilingües como non bilingües.



<i>García-Jiménez (2012)</i>	Proposta de intervención para contidos de EF (hixiene postural) nun grupo bilingüe.	<p>-O nivel de partida márcano os propios alumnos e define que propostas se poderán levar a cabo, así como a súa dificultade.</p> <p>-O docente debe combinar un vocabulario básico durante todo o curso, cun vocabulario específico en función dos contidos que se estean levando a cabo.</p> <p>-Faise necesaria unha coordinación entre os contidos desenvolvidos na materia de Lingua Estranxeira e a EF para poder optimizar as aprendizaxes dos alumnos/as.</p>
<i>Martinez Hita e García Cantó (2017)</i>	Estudo da influencia do bilingüismo no tempo de compromiso motor na EF.	<p>-Existen diferenzas de tempo de compromiso motor (TCM) entre centros bilingües e monolingües, pero estas non son significativas.</p> <p>-Diferenzas no TCM significativas entre centros monolingües públicos e centros bilingües públicos, e aínda máis significativas entre os monolingües públicos e os privados-concertados bilingües.</p> <p>-Nesa mesma liña tamén se dan diferenzas significativas entre centros bilingües públicos e centros bilingües privados-concertados, e entre centros monolingües e bilingües, no tempo empregado para cumprir cos obxectivos de sesión.</p> <p>-Faise necesaria a busca dunha solución para esta perda de TCM na EF bilingüe, parte da cal sería unha mellora da formación do profesorado.</p> <p>-Para asegurar a calidade destes programas cómpre que os profesores planifiquen as clases, evitando perdas de tempo maiores.</p>
<i>Molero Clavellinas (2011a)</i>	Análise das dificultades para o profesorado á hora de integrar os contidos lingüísticos na EF bilingüe e metodoloxía.	<p>-Definir unha metodoloxía de traballo común, que facilite a participación dos docentes de áreas non lingüísticas.</p> <p>-Evitar contidos repetitivos, e en caso de traballar sobre o mesmo, que sexa dende puntos de vista diferentes.</p> <p>-Protagonismo dos profesores das áreas lingüísticas á hora de marcar as liñas mestras do programa bilingüe.</p>
<i>Molero Clavellinas (2011b)</i>	Estudo da metodoloxía levada a cabo nas clases de EF bilingüe, e de como inflúe a integración dos contidos lingüísticos na mesma.	<p>-A EF bilingüe supón un cambio nas metodoloxías utilizadas en grupos non bilingües, especialmente en canto á comunicación da información ao alumnado.</p> <p>-Sería recomendable non sobreteorizar as clases de EF, xa que desviaría os obxectivos fundamentais da materia. Isto conséguese mediante un traballo integrado e interdisciplinario das áreas implicadas.</p>

Muller e  
Rodrigues  
Júnior (2021)

<p>Este artigo recompila información sobre como poñer en práctica unha educación física bilingüe eficiente, proponendo 3 piares básicos para a súa consecución.</p>	<p>-Os programas de EF bilingües levan consigo unha redución da velocidade das clases e do tempo de actividade.</p> <p>-A tradución debe ser unha ferramenta máis durante as clases, pero non se debe abusar dela para non investir demasiado tempo nas explicacións, nin facer aos alumnos dependentes da mesma.</p> <p>-Os tres piares básicos para unha EF bilingüe eficiente son:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A EF e todas as súas demandas.</li> <li>2. Proceso de adquisición da nova lingua.</li> <li>3. Optimización do tempo.</li> </ol>
---	---

Salvador  
García e  
Chiva-Bartoll  
(2017).

<p>Neste artigo analízase se a EF CLIL pon en perigo o normal desenvolvemento das clases de EF, dende a perspectiva do profesorado, dentro do contexto español.</p>	<p>-A nivel <i>curricular</i>, a lingua estranxeira considérase só como unha ferramenta para desenvolver os contidos propios da EF.</p> <p>-A nivel de <i>obxectivos</i>, estes permanecen similares, engadindo algúns de tipo lingüístico.</p> <p>-A <i>avaliación</i> pódese abordar de dous xeitos, non tendo en conta a lingua no proceso, ou incluíla algún apartado (neste caso, a maioría de profesores outórgalle pouco peso na nota).</p> <p>-No apartado de <i>contidos</i>, consideran que non se produce un retraso, nin perda de tempo de práctica en xeral.</p> <p>-En canto á <i>inserción lingüística</i>, os profesores coinciden en que a lingua non foi un obstáculo no desenvolvemento das sesións.</p> <p>-Acerca dos <i>métodos de ensino</i>, foron máis utilizados estilos abertos e participativos, que fomentan máis a comunicación comparando cos estilos directivos.</p> <p>-A <i>motivación</i> considerouse alta durante as clases en xeral, e mantívose alta nos grupos bilingües.</p> <p>-A <i>carga de traballo</i> é maior para os profesores de grupos bilingües, e remarcan que non se valora o seu traballo, o que reduce o interese por seguir cos CLIL.</p>
---	--

Salvador  
García (2016)

<p>Estudo da metodoloxía a implantar para o desenvolvemento de contidos lingüísticos de lingua estranxeira</p>	<p>-A lóxica interna da EF faina idónea para a implantación dos CLIL.</p> <p>-O éxito da EF bilingüe radica no feito de xerar e potenciar numerosas situacións comunicativas entre o alumnado.</p> <p>-Utilizar estratexias e recursos adecuados para favorecer a participación e a desinhibición, xa que</p>
--	---

<p>na materia de EF, e como combinalos sen perder a esencia práctica da EF.</p>	<p>un dos maiores inconvenientes para a mellora da lingua estranxeira é precisamente a inhibición da participación.</p> <p>-Para optimizar a práctica de EF baseada en CLIL, é necesario partir do nivel inicial do alumnado e que os docentes analicen as 4c's (contido, comunicación, cultura e cognición)</p>
<p>Estudo da percepción do método CLIL en EF por parte dos estudantes.</p> <p><i>Salvador García (2018)</i></p>	<p>-Pódense diferenciar 5 núcleos principais a analizar:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temor á lingua: a baixa eficacia autopercebida na lingua estranxeira provocaba reticencias en canto ó método CLIL.</li> <li>2. Motivación e participación: compróbase que a participación e o grao de interese é alto. Incluso alumnos/as que ao principio participaban pouco, mostraron progresión neste aspecto.</li> <li>3. Aprendizaxes específicos de EF: non só non se viron diminuídos pola nova metodoloxía, senón que se produciron novas aprendizaxes menos comúns e dou lugar a un modelo de aprendizaxe moito máis inclusivo.</li> <li>4. Mellora da expresión oral en inglés: a percepción do alumnado foi moi positiva neste senso, facilitado polo gran número de situacións comunicativas e caracterizado por un uso da lingua moi significativo e funcional.</li> <li>5. Importancia do inglés para o futuro académico-profesional: o alumnado mostrouse consciente da importancia do nivel de inglés pensando en futuras etapas, cousa que actuou como aliciente ou motivación extrínseca.</li> </ol>
<p>Este estudo busca determinar se existen diferenzas no nivel de actividade física moderada-vigorosa (AFMV) entre grupos CLIL e ordinarios, analizar a progresión de APMV entre un</p> <p><i>Salvador García (2020)</i></p>	<p>-O uso da lingua estranxeira durante as clases de EF non provocou unha redución da APMV, de feito, estes niveis aumentaron nesta mostra.</p> <p>-O nivel de APMV aumentou ao longo das 6 sesións observadas. Nas 3 primeiras os niveis de APMV foron similares, pero nas 3 últimas os grupos CLIL estiveron durante máis tempo nun rango de APMV.</p> <p>-Os rapaces teñen tendencia a ser máis activos que as rapazas durante as clases de EF. Pero resulta interesante como as rapazas do grupo CLIL tiveron</p>

<i>Salvador-García (2022)</i>	grupo CLIL e outro non-CLIL, e analizar as posibles diferenzas de AFMV entre rapaces e rapazas.	unha media de AFMV máis alta que os rapaces dos grupos non-CLIL. -As rapazas, de forma xeral mostran máis motivación cara á aprendizaxe de linguas estranxeiras, polo que a implementación dos CLIL en EF pode estimular a súa participación, provocando un dobre efecto positivo.
<i>Sánchez Vegas (2022)</i>	Estudo do efecto dos programas CLIL sobre os niveis de actividade física dos alumnos en Educación Física	-Neste estudo os niveis de actividade física (moderada ou vigorosa) aumentaron coa aplicación do CLIL. Probablemente isto sexa debido ao aumento da atención e á utilización de estratexias de ensino adecuadas.
<i>Sánchez Vegas (2022)</i>	Influencia de impartir a EF en inglés, sobre a opinión/motivación do alumnado acerca da materia e sobre a comunicación docente. Levouse a cabo mediante a comparación de respostas de grupos bilingües e non bilingües.	-A motivación intrínseca diminuíu ao remate da intervención. Foi a única variable con cambios significativos. -Segundo os datos obtidos, o feito de dar as clases de EF integramente en inglés ou mediante <i>code-switching</i> non estableceu diferenzas entre grupos. -As características propias da materia fan que sexa óptima para impartila nunha segunda lingua sen que afecte ao alumnado. -Non se encontraron diferenzas importantes na variable comunicación docente, e as puntuacións outorgadas polo alumnado indican que non tiveron dificultades para comprender as explicacións en ningún dos grupos.
<i>Torres Outón (2019)</i>	Neste artigo, céntrase o foco de atención en determinar a idoneidade da EF para mellorar nas linguas estranxeiras a través de CLIL	-Parece necesaria a existencia dun mínimo de coñecementos previos da lingua estranxeira para non poñer en risco as aprendizaxes específicas. -Parece máis fácil crear espazos de aprendizaxe reais mediante traballo en grupos pequenos, no sitio dun entorno xeral de aula (isto é máis doado na EF que noutras materias) -A metodoloxía CLIL non implica efectos negativos sobre as aprendizaxes da EF.

Táboa cos artigos clasificados por temática:

Táboa 5. Temática dos artigos seleccionados. Elaboración propia.

<b>Autor/es(Ano)</b>	<b>Tempo de compromiso motor</b>	<b>Metodoloxía</b>	<b>Percepción do alumnado</b>
<i>Agraso López (2021)</i>			<b>x</b>
<i>Alonso Rueda (2015)</i>		<b>x</b>	<b>x</b>
<i>Baena Extremera (2017)</i>			<b>x</b>
<i>Campillo Piqueras (2017)</i>		<b>x</b>	
<i>Coral (2020)</i>	<b>x</b>		
<i>Fernández Barrionuevo (2021)</i>			<b>x</b>
<i>García-Calvo (2019)</i>			<b>x</b>
<i>García-Calvo Rojo e Salaberri Ramiro (2018)</i>		<b>x</b>	<b>x</b>
<i>García-Jiménez (2012)</i>		<b>x</b>	
<i>Martinez Hita e García Cantó (2017)</i>	<b>x</b>		
<i>Molero Clavellinas (2011a)</i>		<b>x</b>	
<i>Molero Clavellinas (2011b)</i>		<b>x</b>	
<i>Muller e Rodrigues Júnior (2021)</i>	<b>x</b>	<b>x</b>	
<i>Salvador García e Chiva-Bartoll (2017).</i>		<b>x</b>	
<i>Salvador García (2016)</i>		<b>x</b>	
<i>Salvador García (2018)</i>			<b>x</b>
<i>Salvador García (2020)</i>	<b>x</b>		<b>x</b>
<i>Salvador-García (2022)</i>	<b>x</b>		
<i>Sánchez Vegas (2022)</i>			<b>x</b>
<i>Torres Outón (2019)</i>		<b>x</b>	

### 4.3 Discusión revisión bibliográfica

Despois da busca a través das distintas bases de datos, selección e análise da literatura atopada, encontramos unha boa cantidade de información sobre os programas de educación física bilingüe, aínda que non todos fixan o a atención do mesmo xeito. Na maioría analízanse distintas metodoloxías e a súa idoneidade para este tipo de proxectos, pero tamén se poden encontrar valoracións destes programas por parte do alumnado ou a influencia dos mesmos sobre os niveis de actividade física ou compromiso motor.

En canto á metodoloxía, tal e como indican García-Jiménez et al. (2012), os/as docentes deben combinar un vocabulario básico durante todo o curso, cun específico en función dos contidos que se estean levando a cabo en cada momento, e afirma que o nivel de partida nestes programas márcano os propios alumnos. En consonancia co anterior, debe existir unha

coordinación entre os departamentos de Lingua Estranxeira e EF, aspecto que recalca Molero Clavellinas (2011a) e Molero Clavellinas (2011b) para evitar a presenza de contidos repetitivos e a sobreteorización das clases de EF.

Malia as estratexias que se poidan adoitara, os programas de EF bilingües levan consigo unha redución da velocidade das clases e do tempo de actividade (Muller e Rodrigues Júnior, 2021), pero non impide que se consigan as aprendizaxes específicas da EF, como nos expón Torres Outón (2019). O anterior, unido a que segundo Campillo Piqueras (2017), a aprendizaxe da lingua estranxeira a través de actividades motivadoras ou desafíos nas clases de EF mellora a competencia comunicativa dos alumnos/as, fai que a lóxica interna da EF e a posibilidade de xerar numerosas situacións comunicativas entre o alumnado, a converta nunha materia idónea para a implantación dos CLIL (Salvador García et al., 2016), estando de acordo Sánchez Vegas (2022) con esta idoneidade da materia e engadindo que o feito de dar as clases integramente en inglés ou mediante *code switching* non provoca diferenzas nos/as estudantes.

Salvador García e Chiva Bartoll (2017) analizan polo miúdo a interferencia dos CLIL na EF, extraendo importantes conclusións, como por exemplo, que a carga de traballo dos docentes aumenta, sen que se valore nin se teña en conta dalgún xeito, que a motivación no alumnado foi alta en todas as clases, que os profesores/as opinan que a lingua non supuxo ningún obstáculo para o desenvolvemento das sesións. Outros dous aspectos metodolóxicos importantes mencionados, foron as opcións maioritarias de avaliación (non considerándose a utilización da lingua neste apartado ou tendo unha pequena porcentaxe) e a pouca variación en canto aos obxectivos para os profesores, non tendo que modificar os propios da materia e tendo que incluír algúns de tipo lingüístico.

Achegándonos máis á influencia destes programas no alumnado Alonso Rueda (2015) comprobou como a motivación e implicación do alumnado foi alta, e debido a un proceso de desinhibición aumentou e mellorou o uso da lingua estranxeira. Na mesma liña Baena Extremera (2017) expuxo que un alto grao de diversión aumenta o compromiso do estudantado cara a aprendizaxe dunha nova lingua, e Fernández Barrionuevo (2021) engadiu que melloraron as cualificacións na materia de LE Inglés e que se debe adaptar a formación inicial e continua do profesorado para garantir a calidade da metodoloxía AICLE.

Establecendo unha comparación entre dúas metodoloxías moi distantes, como serían un método construtivista e unha ensinanza tradicional, entre grupos bilingües e non bilingües, encontráronse que os índices de satisfacción foron altos cos métodos construtivistas, mentres que a percepción de satisfacción nos grupos con metodoloxía tradicional foi baixa, tanto en bilingües como non bilingües. (García-Calvo e Salaberri Ramiro, 2018).

Un punto diferencial en canto á motivación é a práctica de deporte na vida cotiá, mostrándose menos motivados, menos satisfeitos e obtendo menores calificacións de forma xeral, os alumnos/as que non practican deporte fóra das clases de EF (Agraso López, 2021). Tamén a idade do estudante é un factor condicionante do nivel de satisfacción, sendo maior en rapaces e rapazas máis novos e diminuindo conforme aumenta a idade, segundo García-Calvo (2019).

Nese mesmo ano, Salvador García (2018) establece cinco núcleos principais a analizar neste tipo de ensinanza: para comezar o temor á lingua, dado que a baixa autoeficacia percibida provocaba reticencias en canto ao CLIL; en segundo lugar a motivación e participación, que como nos estudos mencionados nos parágrafos anteriores, aumentou segundo avanzaba a o curso; un terceiro núcleo serían as aprendizaxes específicas da EF, que non se viron diminuídas e incluso deron lugar a aprendizaxes menos comúns, creando un modelo moito máis inclusivo; en cuarto lugar a mellora da expresión oral en inglés, que foi percibida moi positivamente polo alumnado e caracterizouse por un uso da lingua significativo e funcional; e por último a importancia do inglés no futuro académico-profesional, sobre o que o alumnado se amosou consciente, sendo un factor de motivación extrínseca.

Unha achega importante feita por Salvador García et al.(2020) foi que o uso da lingua estranxeira nas sesións observadas no seu estudo non provocou unha redución da actividade física moderada-vigorosa (AFMV), chegando a incrementala de feito. Neste mesmo caso faise referencia ás diferenzas por sexo, partindo de que a tendencia xeral é que os rapaces sexan máis activos que as rapazas durante as clases, isto contrasta cos resultados obtidos, que expoñen que as rapazas de grupos CLIL tiveron unha AFMV media máis alta que os rapaces de grupos non-CLIL, sendo este un dos motivos que leva a pensar que o feito de que as rapazas mostren máis motivación pola aprendizaxe nunha nova lingua, pode estimular tamén a súa participación nas clases de EF bilingüe.

Outra achega totalmente distinta ao resto de artigos fana Martínez Hita e García Cantó (2017), observando as diferenzas de tempo de compromiso motor entre centros de titularidade pública, privada, bilingües e non bilingües. Os resultados máis significativos foron que as diferenzas son especialmente significativas entre os centros monolingües públicos e os privados-concertados bilingües. Para intentar paliar estas diferenzas propón que os profesores planifiquen correctamente as clases, evitando perdas de tempo innecesarias e tamén unha mellora da formación inicial do corpo docente. Este estudo garda similitudes en canto ás propostas de mellora co de Coral (2020), que tamén aposta por unha mellor formación do profesorado, ademais de outorgarlles períodos de clase máis longos aos grupos CLIL para corrixir a perda de tempo práctico.

Nunha liña de investigación similar aos dous últimos artigos mencionados, pero centrándose na intensidade da actividade física en lugar de no tempo de actividade, Salvador García (2022) sostén no seu estudo, os niveis de actividade física moderada-vigorosa aumentaron coa aplicación do CLIL, achacándoo ao posible aumento da atención e á utilización de estratexias de ensino adecuadas.

#### 4.4 Conclusión

Despois do proceso de busca e selección de información para a realización deste traballo, os aspectos máis relevantes de cara á proposta serán:

Por un lado, teremos en conta que a aprendizaxe de linguas estranxeiras conta cunha motivación máis alta por parte das rapazas, polo que pode ser un fío a través do cal, intentar aumentar o seu grao de actividade física durante o curso.

Outro punto importante é como as situacións nas que se practica actividade física, provocan niveis comunicativos importantes, isto unido á desinhibición causada polo contexto mencionado, converte o inglés e a educación física nun bo tándem para intentar traballar conxuntamente.

Por outro lado, de cara a elixir unha metodoloxía ou outra, os métodos de ensino abertos e participativos mostraron mellores resultados que os estilos directivos, polo tanto, na medida do posible implantáranse metodoloxías que fomenten a participación e autonomía por parte do alumnado.

Por último, os artigos que trataban se o tempo de compromiso motor se vía afectado ou non, foron moi enriquecedores a nivel de coñecemento, pero non terán aplicación no proxecto, xa que se trataba de estudos en aulas de educación física bilingüe, polo que non sería aplicable a un proxecto interdisciplinario como o que aquí se realiza.



## 5. CONTEXTUALIZACIÓN

O centro no cal propoñemos o proxecto é o IES Salvador de Madariaga, A Coruña. Foi o primeiro centro de ensino secundario da cidade, iniciando a súa andadura no ano 1863. Tras dous cambios de sede, asentouse finalmente na súa localización actual no ano 1947, co nome de *Instituto Masculino*, debido á segregación de rapaces e rapazas no ensino, en cumprimento da lei educativa do ano 1938. Dentro da cidade aínda é recoñecido por ese nome, de feito, segue figurando na súa porta principal.

No ano 1977, despois da chegada do réxime democrático, mudou o seu nome en consideración ao polígrafo coruñés Salvador Madariaga y Rojo, o cal se mantén ata a o día de hoxe.



*Ilustración 1 Fachada do IES Salvador de Madariaga.*

### 5.1 Localización e poboación

O IES Salvador de Madariaga atópase na rúa Paseo de Ronda, Nº49. É un centro educativo de titularidade pública, gratuito e dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e que por tanto, organiza as súas actividades conforme ao ordenamento xurídico nacional e autonómico.

Nos arredores do centro atopamos instalacións punteiras a nivel deportivo dentro da cidade, como son a Cidade Deportiva de Riazor e as instalacións de Termaria Casa da auga. Ademais destes centros polideportivos, a proximidade permite un fácil acceso ao paseo marítimo urbano da Coruña (o máis longo de Europa) ou á Praza do Conservatorio. Máis aló do relacionado coa actividade física, a zona conta con importantes espazos a nivel educativo e cultural. Á beira do instituto atópase o espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña (coñecido como NORMAL), a Escola Oficial de Idiomas, o Conservatorio Superior de Música, un centro da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED/UNED), a Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas (UDC) e a Biblioteca Universitaria de Riazor. Tamén a escasa distancia sitúanse o Centro Sociocultural Ágora e o MUNCYT.




Ilustración 2 Situación do IES Salvador de Madariaga. Extraído de Google Earth.

Esta situación privilexiada abre un amplo abanico de posibilidades para relacionar aos estudantes do centro coa súa contorna próxima mediante a realización de actividades, tanto físicas como culturais, nas distintas instalacións mencionadas.

## 5.2 O centro

A elección deste centro veu marcada pola realización da materia do *Prácticum* no mesmo, feito que me achegou a coñecer o funcionamento e o ambiente no centro, e querer propoñer unha idea adaptándome a esta primeira realidade profesional que tiven opción de experimentar. Ademais de que me pode facilitar a labor en canto a conseguir documentación ou información relevante para o traballo.

Os datos de contacto son:

- Teléfono: 881 960 235
- Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iessalvadmadariaga/>
- Correo electrónico: [ies.salvador.madariaga@edu.xunta.gal](mailto:ies.salvador.madariaga@edu.xunta.gal)

O logotipo utilizado polo centro é este:



Ilustración 3 Logotipo do IES Salvador de Madariaga.

As instalacións nas que se levan a cabo as sesións ordinarias de Educación Física son: un ximnasio pechado de 24x32 metros aproximadamente e 7 metros de altura libre, con piso de parqué no que se encontran debuxadas as liñas que delimitan os campos de xogo de distintos deportes. Este ximnasio posúe catro puntos de acceso e encóntrase en moi boas condicións (sinálase co número 1 na imaxe).

Ao aire libre conta con dúas pistas descubertas (unha de baloncesto e outra polideportiva), de 45x25 metros ámbalas dúas (sinaladas cos números 2 e 3 na imaxe). O firme é de cemento e atópase nun estado precario, dificultando o desenvolvemento dalgunhas actividades, especialmente cando as condicións climáticas son adversas.



Ilustración 4 Vista aérea do IES Salvador de Madariaga. Extraído de: Google Earth.

A infraestrutura do centro é bastante antiga en xeral, pero malia iso, o ximnasio cuberto está nunhas condicións óptimas para o desenvolvemento da materia.

Adxúntase o inventario facilitado polo departamento no Anexo 1. Inventario de material de Educación Física

No inventario do departamento recóllese cada ano o material co que conta o departamento de Educación Física para a súa utilización durante as clases ao longo do curso escolar. Nel indícase para cada material, a súa cantidade e o seu estado (se é novo ou xa antigo, se se encontra danado ou en óptimas condicións...)

Trátase dun material variado e suficiente para poñer en práctica os contidos programados.

### 5.3 Sinais de identidade do centro

Ao tratarse dun centro público é aconfesional, estando aberto ao pluralismo ideolóxico que resulta da interacción de todos os seus membros. Búscase que a formación en valores sexa suficiente para que se produzan os comportamentos e instáurense os hábitos de tolerancia ideolóxica que máis poidan enriquecer a convivencia comunitaria.

Desta forma, a acción formativa desenvolverase con respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, dentro dos principios democráticos de convivencia. É unha acción que tenta respectar a evolución e maduración dos alumnos, potenciando a solidariedade, respecto cara aos demais, actitude dialogante, así como en xeral todos os valores democráticos. Esta é a información correspondente ao que o centro quere ser, un centro libre e aberto que pretende participar activamente na mellora e dignificación da sociedade galega.

Búscase a intervención a través de dúas vías principais. A primeira consiste en educar nos valores de igualdade para eliminar calquera tipo de discriminación; mentres que a segunda é adecuar sempre que sexa posible o currículo aos alumnos con necesidades especiais.

O galego será lingua vehicular do centro, buscando así contribuír á súa normalización.

En canto ao uso do inglés no proxecto que se presenta, o centro fai unha forte labor de potenciación do uso de linguas estranxeiras, contando coa opción de cursar ademais francés e alemán.

No caso do inglés, existe a opción para os estudantes de participar nun programa de sección bilingüe, na cal recibirán determinadas materias en lingua inglesa, incluída a Educación Física en 1º e 2º ESO.

### 5.4 Persoal e organización do centro

O persoal do centro componse do profesorado, repartidos en 19 departamentos e composto por 45 mulleres e 19 homes, habendo unha cantidade notablemente superior de mulleres que de homes. O departamento de Educación Física está composto por 3 profesores.

Os departamentos son os seguintes:

*Táboa 6. Distribución departamentos. Elaboración propia.*

Alemán	Bioloxía e Xeoloxía	Economía	Educación Física
Educación plástica	Filosofía	Física e Química	Francés
Grego	Inglés	Latín	Castelán
Galego	Matemáticas	Música	Orientación
Relixión Católica	Tecnoloxía	Xeografía e Historia	

Máis aló do persoal docente, no Centro traballan administrativos, conserxes e persoal de limpeza.

A organización e xestión educativa confórmana dous órganos de goberno:

Por unha banda, os órganos unipersoais ou equipo directivo: Director/a, Vicedirector/a, Xefe/a de Estudos de Réxime Ordinario e Xefe/a de Estudos de Réxime para Adultos e

Secretario/a. Por outra banda os órganos colexiados: Claustro de profesores, Consello Escolar e Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O Consello Escolar, órgano de representación da comunidade educativa, está formado por:



Ilustración 5 Organigrama do centro. Elaboración propia.

## 5.5 O alumnado

Dentro do réxime de ensino ordinario ofrécese a posibilidade de cursar os 4 cursos da ESO, contando cos correspondentes grupos PMAR (Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento) en 2º e 3º curso, e tamén o Bacharelato (tanto en 1º como en 2º o alumnado poderá elixir entre tres modalidades: Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais, e Artes. Dentro da segunda, poderase optar ao itinerario de Humanidades ou ao de Ciencias Sociais).

Desta oferta cabe destacar a presenza no réxime ordinario do Bacharelato de Artes. Xa que só dous institutos da cidade o ofertan. O centro axusta a organización horaria para posibilitar a simultaneidade de estudos do alumnado co Conservatorio Profesional de Música.

A maiores, ofrécense prazas para Educación Secundaria para Adultos (ESA) e Bacharelato para adultos. Deste xeito o resumo da oferta educativa sería o seguinte:

- 1º ESO: 4 grupos.
- 2º ESO: 4 grupos.

- 3º ESO: 4 grupos.
- 4º ESO: 4 grupos.
- 1º BACH: 5 grupos.
- 2º BACH: 4 grupos.

O alumnado é cada vez máis próximo á ratio máxima permitida, especialmente nos primeiros cursos de ESO, descendendo esa cociente a medida que as esixencias académicas son maiores (3º e 4º ESO) e aumentando de novo en 1º BAC. Este aumento en BAC pode deberse a que o centro ofrece tres especialidades de Bacharelato e á proximidade ao Conservatorio de Música, xa que unha porcentaxe de alumnos cursan só as materias troncais no instituto.

Tanto en 1º (curso para o que se propón o proxecto) como en 2º da ESO os grupos son máis heteroxéneos, feito que acentúa a presenza de moitos repetidores. En 3º e 4º xa son grupos-clase máis homoxéneos, en termos de idade e interese polos estudos, para de novo no Bacharelato converterse en grupos máis heteroxéneos, especialmente pola chegada de alumnado procedente doutros centros. As características deste grupo de idade descríbense máis a fondo no apartado 10.3 Destinatarios.

## 5.6 Plans de Centro

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia ofrece aos distintos centros educativos a posibilidade de adherirse a distintos plans orientados a promover a innovación educativa e apostar polos centros como espazos máis saudables.

Desde o departamento de EF estase participando concretamente na iniciativa de Contratos-Programa Innova (**CPInnova**), na súa modalidade **EDUsaúde**, que busca potenciar o centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.

Como parte deste plan o centro comprométese a realizar unha serie de actividades, como son a organización de ligas internas de distintos deportes nos tempos de lecer, a inclusión dunha unidade didáctica avaliable e transversal dentro da materia de EF na que se controle a manifestación de hábitos hixiánicos e/ou nutricionais ao remate das sesións, favorecer a práctica de deportes minoritarios e/ou individuais entre o alumnado (a través de visitas de institucións locais como o club Halterofilia Coruña, visitas ao rocódromo da Agrupación Montañeros Independientes (AMI)...), colaborar con outros clubs locais facilitando o uso das instalacións deportivas (Club Ximnasia Coruña, Club Ximnasia Millenium, Club Voley Padre Faustino...)

## 5.7 Medidas de atención á diversidade

En base ó Decreto de atención a diversidade 229/2011 (DOG, 21/12/11) e do artigo 16 do Decreto 105/2014 (DOG, 04/09/2014): para que todo o alumnado poida alcanzar o máximo das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 e 79bis da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio).

As medidas a adoptar poderán ser de carácter ordinario ou extraordinario e concretaranse nas reunións do Departamento de Orientación, detallaranse nos rexistros destinados ó seu efecto e comunicaranse ás familias.

Adaptacións curriculares significativas: Estas adaptacións afectan a elementos prescritivos do currículo.

- Os obxectivos: Supresión de obxectivos básicos, introdución de obxectivos específicos e adaptados as capacidades dos alumnos
- Os contidos: Supresión de contidos, introdución de contidos específicos.
- A metodoloxía e a organización didáctica: Recursos específicos, métodos...
- A avaliación: Modificación criterios de avaliación, de criterios de promoción.

Algunhas das adaptacións curriculares non significativas poderían ser as seguintes:

Alumnos con ritmo de aprendizaxe máis lento

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran.
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensino: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido.
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

Alumnos con ritmo de aprendizaxe máis rápido

- Suxerirlles actividades que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Darlles opcións a elixir sobre o campo no que desexan profundar

## 6. XUSTIFICACIÓN E BREVE DESCRICIÓN

Esta proposta está pensada para a súa implementación unha vez entre en vigor a nova lexislación (LOMLOE), especificamente para o curso de 1ºESO. De modo que aínda que se planifique para o curso académico 2022/2023, a súa posta en marcha quedaría suxeita á implantación da nova lei de educación.

A través deste proxecto, búscase aportar o máximo posible dende a perspectiva da Educación Física para a formación completa e integral do alumnado. Isto farase a través da coordinación das áreas de Educación Física e Lingua Estranxeira: Inglés, buscando maximizar e potenciar as competencias adquiridas en ambas materias a través dunha correcta colaboración e complementariedade.

A través de distintas tarefas propostas polo profesorado responsable do proxecto, procurarase a consecución dos obxectivos de ambas materias mediante o desenvolvemento de distintas actividades dentro de cada tarefa. Será fundamental a implicación do alumnado nas tarefas para o seu correcto funcionamento e para a consecución dunha aprendizaxe consciente e significativa.

Ambos departamentos utilizarán os materiais dispoñibles no centro e poderán dispoñer da opción de combinar horarios, de modo que aumenten as horas de actividade física do alumnado, así como o número de situacións comunicativas en inglés.



## 6.1 Análise DAFO

Para completar este apartado realizarase unha análise tanto dos factores internos (Debilidades e Fortalezas) como dos externos (Ameazas e Oportunidades), que poden ter influencia durante o transcurso do proxecto e no resultado final.

Nesta táboa móstranse os detalles máis importantes para analizar o proxecto.

Táboa 7. Análise DAFO. Elaboración propia.

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Inexperiencia por parte de tódolos implicados, por ser a primeira vez que participen nun proxecto destas características.</li> <li>- Nivel baixo do alumnado na lingua estranxeira.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Meteoroloxía adversa para as actividades exteriores.</li> <li>- Falta de motivación entre o alumnado.</li> <li>- Mala coordinación entre departamentos/profesores.</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incita ao traballo autónomo fóra do horario lectivo.</li> <li>- Non se necesita adquirir material novo para o centro.</li> <li>- Boa relación coas institucións e asociacións colaboradoras.</li> <li>- Actividades coeducativas e inclusivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aumento do tempo de AF ao combinar clases coa materia.</li> <li>- Aborda as materias desde perspectivas novidasas, diferentes ao habitual.</li> </ul>

Tendo en conta o análise previo o proxecto considérase viable para a súa execución. Os recursos materiais e humanos son suficientes para levalo a cabo, e as posibles debilidades e ameazas son emendables, mediante reunións para mellorar a comunicación entre os responsables para tratar as posibles melloras.

## 7. OBXECTIVOS

A través desta proposta búscase a consecución de aprendizaxes significativos para o alumnado, utilizando os contidos das dúas áreas implicadas como vía para o desenvolvemento das competencias clave. A través das actividades artístico-expresivas, a actividade física en medios non habituais e a colaboración con clubs deportivos profesionais da cidade perseguirase cumprir cos seguintes obxectivos:

### 7.1 Obxectivos xerais

- Favorecer a práctica de actividade física.
- Fomentar a interdisciplinabilidade na Educación Secundaria como vía de mellora para a calidade da educación do alumnado.
- Potenciar a creatividade do alumnado a través de actividades artístico-expresivas.
- Aproveitar a localización e entorno do centro para o desenvolvemento de competencias no alumnado e familiarizalo con institucións deportivas locais de referencia, mediante as visitas de deportistas e adestradores.
- Educar ao alumnado nunha mobilidade sostible, segura e de futuro para A Coruña.

### 7.2 Obxectivos de aprendizaxe do alumnado

- Aceptar o nivel propio e o dos compañeiros, tanto no ámbito motriz como no da lingua estranxeira.
- Adquirir soltura no emprego do inglés en situacións cotiás ao longo do proxecto
- Aumentar o tempo de actividade física do alumnado mediante tarefas conxuntas entre as áreas implicadas.
- Coñecer a historia da cidade aprendendo a moverse de forma sostible por ela.
- Relacionar saúde, ocio e deporte a través da mobilidade.
- Desenvolver habilidades interpersoais a través do traballo en equipo e a participación nas clases.
- Adquirir habilidades básicas no manexo de programas informáticos.

## 8. RELACIÓN DO PROXECTO COAS COMPETENCIAS

As competencias clave recollidas no Perfil de saída son unha adaptación do sistema educativo español ao marco establecido nas *Recomendacións do Consello da Unión Europea*. No currículo actual contamos con 8 competencias clave a desenvolver durante a etapa da Educación Básica, é dicir, Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato. Mediante as actividades e tarefas propostas é posible que se desenvolvan a maioría delas ou incluso todas, pero nas que se centrará o foco son:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** supón interactuar de forma oral, escrita ou signada en diferentes ámbitos e contextos; traballarase mediante debates para a elección de cancións para o lipdub, da película para o remake; tamén coa elaboración de traballos escritos, a preparación de “entrevistas” a deportistas ou exercendo como guías turísticos na actividade final.
- **Competencia plurilingüe (CP):** consiste en utilizar distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Propiciaranse múltiples situacións comunicativas en inglés entre o propio alumnado, e con persoas de fala inglesa alleas ao centro nas actividades do último trimestre.
- **Competencia dixital (CD):** aprenderán a utilizar de xeito seguro, crítico e responsable as tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe e a participación na sociedade, mediante a utilización de editores de vídeo, presentacións en formato dixital e as buscas de información vía internet.
- **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA):** nas tarefas e actividades nas que se desenvolva unha parte do traballo de maneira autónoma, deberá existir unha autorregulación individual e unha regulación por parte de cada subgrupo para xestionar o tempo e o reparto de actividades dentro de cada un deles, para cumprir cos prazos establecidos e obxectivos marcados.
- **Competencia cidadá (CC):** esta competencia permite actuar como cidadáns responsables e participar plenamente na vida social e cívica. En todas as actividades será básico o comportamento cívico e responsable para poder traballar en grupo. Ademais, na tarefa da última avaliación incentivarase a mobilidade sostible, o respecto ás normas de circulación e o coidado da contorna máis próxima.

En cada tarefa aparecerá referenciado de maneira concreta que competencias se traballan.

## 9. RELACIÓN DO PROXECTO CO DECRETO/REAL DECRETO

Na táboa que se pode atopar a continuación, plásmanse as competencias específicas, criterios de avaliación, descritores de perfil de saída, competencias clave e saberes básicos que nos achega o Real Decreto (RD), e que traballaremos a longo do proxecto. O RD inclúe máis, pero aquí aparecerán única e exclusivamente aquelas que son significativas para o noso proxecto.

Posteriormente, nas táboas onde se describen as tarefas e actividades, especificase que competencias, criterios de avaliación e saberes básicos se relacionan con cada unha das tarefas.

Táboa 8. Contidos do RD para EF. Elaboración propia.

Materia: Educación Física Cursos 1º ESO				
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	DESCRITORES DE PERFIL DE SAÍDA	COMPETENCIA CLAVE	SABERES BÁSICOS
2. Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas, e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.	2.1 Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	CPSAA4, CPSAA5, CE2, CE3.	CPSAA CE	<b>B. Organización e xestión da actividade física.</b> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía. Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fora do centro escolar.</li> <li>2. Actuacións ante accidentes durante a práctica de actividades físicas. Conducta PAS (protexer, avisar, socorrer). Protocolo 112. Soporte vital básico (SVB).</li> </ol>
3. Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre participantes e ás regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con	3.1 Practicar unha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	CCL5, CPSAA1, CPSAA3, CPSAA5 e CC3.	CCL CPSAA CC	

Ampliando o noso alfabeto motriz

<p>progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.</p>	<p>3.2 Cooperar ou colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.</p> <p>3.3. Facer uso con progresiva autonomía de habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, de orixe nacional, étnico, socio-económica ou de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e de calquera tipo de violencia.</p>			<p>espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices ou deportivas.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>2. Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.</li> <li>3. Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.</li> <li>4. Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente como en grupo.</li> </ol> <p><b>D. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Habilidades sociais: conductas prosociais en situacións motrices colectivas.</li> <li>2. Identificación e rexeitamento de conductas contrarias á convivencia en situacións motrices (comportamentos violentos, discriminación por cuestións de xénero, competencia motriz, actitudes xenófobas, racistas ou sexistas).</li> </ol>
<p>4. Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento e profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social, analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.</p>	<p>4.1. Xestionar a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.</p> <p>4.2. Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás devanditas manifestacións.</p> <p>4.3. Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e</p>	<p>CC2, CC3, CCEC1, CCEC2, CCEC3 e CCEC4.</p>	<p>CC CCEC</p>	<p><b>E. Manifestacións da cultura motriz.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aportacións da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade.</li> <li>2. Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos. Técnicas de interpretación.</li> <li>3. Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.</li> </ol>

	representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.			
5. Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.	5.1. Participar en actividades físico-deportivas en contornas naturais, terrestres ou acuáticos, gozando da contorna de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica. 5.2. Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	STEM5, CC4, CE1 e CE3.	STEM CC CE	<p><b>F. Interacción eficiente e sostible co entorno</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Normas de uso: respecto ás normas viarias nos desprazamentos activos cotiás para unha mobilidade segura, saudable e sostible.</li> <li>2. A práctica da bicicleta como medio de transporte habitual.</li> <li>3. Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas e posibles consecuencias graves das mesmas.</li> <li>4. Coidado da contorna próxima, como servizo á comunidade, durante a práctica de actividade física en contornas naturais e urbanas.</li> </ol>

Táboa 9. Contidos do RD para Inglés. Elaboración propia.

Materia: Lingua estranxeira (Inglés)				
CURSO 1º ESO				
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	DESCRITORES DE PERFIL DE SAÍDA	COMPETENCIA CLAVE	SABERES BÁSICOS
1. Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	1.1. Interpretar e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodales breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. 1.2. Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	CCL2, CCL3, CP1, CP2, STEM1, CD1, CPSAA5, CCEC2.	CCL CP STEM CD CPSAA CCEC	<b>A. Comunicación</b> 1. Autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. 2. Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais. 3. Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxerencias; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaçión e a prohibición. 4. Léxico de uso común e de interese para o alumnado relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas
2. Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	2.1. Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos	CCL1, CP1, CP2, STEM1, CD2, CPSAA5, CE1, CCEC3.	CCL CP STEM CD CPSAA CE	

	verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción. 2.3 Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e as necesidades de cada momento, tendo en conta ás persoas a quen vai dirixido o texto.		CCEC	<p>próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación.</p> <p>5. Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de busca de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos, etc.</p> <p>6. Ferramentas analóxicas e dixitais, básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais, colaborativas, etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</p> <p><b>B. Plurilingüismo</b></p> <p>1. Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</p>
3. Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	3.1. Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das e os interlocutores. 3.2. Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.	CCL5, CP1, CP2, STEM1, CPSAA3, CC3.	CCL CP STEM CPSAA CC	<p>2. Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxis, patróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal</p>
4. Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	4.1. Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	CCL5, CP1, CP2, CP3, STEM1, CPSAA1, CPSAA3, CCEC1.	CCL CP STEM CPSAA CCEC	



	<p>4.2. Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.</p>			<p>3. Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</p> <p><b>C. Interculturalidade</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, como fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.</li> <li>2. Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>3. Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ol>
--	--	--	--	---

## 10. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO INTERDISCIPLINARIO

### 10.1 Fases do proxecto

Para unha mellor e máis eficiente organización, divídese o proxecto en 4 fases distintas, seguindo o modelo proposto por Blázquez (2016) establécense as seguintes:

- **Fase I. Planificación:** esta será a primeira etapa, na que a través de distintas reunións entre a dirección e os profesores das áreas implicadas, estableceranse a finalidade do proxecto, as tarefas a realizar, a responsabilidade de cada profesor nos distintos apartados, o calendario de actividades e os recursos que serán necesarios. Tamén se lles presentará o proxecto aos estudantes, tratando de motivalos a participar activamente, facéndolles ver que eles serán os protagonistas do proxecto, e dándolles a opción de aportar ideas tanto para mellorar agora como nun futuro.
- **Fase II. Execución das tarefas:** nesta segunda fase levarase a cabo o traballo colectivo por parte dos grupos de traballo e o individual do alumnado, cumprindo cos roles asignados e as responsabilidades adquiridas dentro de cada subgrupo. É o momento da busca de recursos e materiais, podendo acudir ás TIC's ou a calquera fonte de información que lles sexa útil, así como tamén é o momento de solicitaren axuda en caso de atopar dificultades durante o proceso.
- **Fase III. Culminación do proxecto:** grazas ao traballo da fase anterior, o alumnado contará con material e coñecementos suficientes para dar resposta ao que se lle require, poderán poñer en común coñecementos e experiencias entre os diferentes grupos para mellorar e posteriormente presentar os resultados fronte aos seus compañeiros e compañeiras. O ideal a partir de aquí sería engadir unha reflexión autocrítica e valoración dos outros traballos, para poder facer propostas de mellora.
- **Fase IV. Avaliación:** esta é unha fase primordial do proxecto, na cal se valorará se o resultado final foi o esperado, pero tamén se os procesos seguidos durante a súa elaboración foron axeitados. Distínguese por unha parte a avaliación do alumnado, o que terá impacto nas súas cualificacións finais, e por outra, a avaliación do proxecto, na que se analizará se funcionou correctamente ou non, e se tratará de identificar puntos débiles e puntos fortes para mellorar en futuras aplicacións.

## 10.2 Responsables do proxecto

Os principais responsables do proxecto serán os xefes de departamento das áreas implicadas e os profesores das materias, neste caso Educación Física e Lingua estranxeira: Inglés. O reparto de horarios para o profesorado de EF coincide de tal maneira que o mesmo docente dá clase a todo o primeiro curso. Para facilitar a coordinación das labores conxuntas entre os departamentos, na materia de inglés sucederá de igual maneira, seguindo deste xeito un mesmo criterio e tendo todos os estudantes unha avaliación unificada por parte de cada área.

Será clave a correcta coordinación entre os departamentos, así como entre os profesores, para un desenvolvemento satisfactorio das actividades e tarefas programadas. Tamén o equipo directivo do centro ofrecerá a axuda necesaria a nivel organizativo ou de adaptación de horarios, dentro do posible, para que sexa posible levar a cabo o proxecto.

Se hai algún alumno desenvolvendo o seu período de prácticas nalgunha das áreas implicadas no proxecto, tamén se lle daría a posibilidade de participar como parte da súa formación.

## 10.3 Destinatarios

É un proxecto pensado para aplicar no alumnado de 1º curso da ESO, polo que os grupos implicados serían os chegados máis recentemente á ESO. O rango de idade habitual dos participantes está entre os 11 e os 13 anos, dependendo do mes de nacemento e de se repetiu algún curso ou non.

Esta é unha etapa na que a imaxe que o alumnado ten de si mesmo cambia, por iso é unha etapa na que tamén xorden diversas inseguridades sobre o propio corpo.

No plano cognitivo, segundo Piaget (1967), os estudantes encóntranse saíndo da etapa de operacións concretas, introducíndose nas operacións formais, onde se caracterizan por ser capaces de resolver problemas abstractos de maneira lóxica e manexar situacións hipotéticas, o seu pensamento faise máis científico e desenvolven un interese polos temas sociais e de identidade.

En canto ás capacidades físicas, Weineck (1988), falando dos rapaces, afirma que se encontrarían no inicio dos cambios morfolóxicos, nun período moi bo para a aprendizaxe, onde se desenvolve a forza relativa e teñen unha gran axilidade. Porén, as rapazas encontraríanse noutra etapa distinta, na que o aumento de talla e peso, conleva unha peor relación peso/forza. Tamén diminúe a coordinación espacial, pero debido aos cambios hormonais, a capacidade de adestramento das capacidades físicas atópase no seu máximo nivel.

Respecto ás relacións interpersoais, forman grupos de amigos e dependen menos dos pais como se mencionou anteriormente e relaciónanse máis entre iguais. Cambia a súa escala de valores, o que os pode levar cara o abandono ou pasotismo cara moitas cousas. Para evitar isto deberíase tratalos con respecto, escoitar as súas opinións e telas en conta, deixarlles manter a súa relación grupal e as súas responsabilidades compartidas.

## 10.4 Temporalización

O proxecto abarcará todo o curso, de inicio a fin, aínda que terá 3 grandes tarefas que darán lugar a distintas dinámicas en cada un dos trimestres. Na seguinte táboa plásmase o cronograma que servirá de referencia para a temporalización das tarefas:

Táboa 10. Temporalización do proxecto. Elaboración propia.

TÁBOA DE TEMPORALIZACIÓN												
TAREFAS	Actividades	Mes	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Jun.
INFORMACIÓN INICIAL	1. Presentación da proposta		■									
	2. Comunicar ás familias		■									
	3. Informar aos protagonistas			■								
LIPDUB	4. Explicación e selección da canción											
	5. Preparar o lipdub			■	■							
	6. Cámaras e... acción (I)				■	■						
REMAKE CASEIRO	7. Amosando o resultado (I)					■						
	8. Toma de contacto						■					
	9. Elección de escenas						■	■				
	10. Cámaras e... acción (II)							■	■			
A NOSA HISTORIA, SOBRE RODAS	11. Amosando o resultado (II)								■			
	12. Introducción								■			
	13. Coñecendo ós nosos (I)									■		
	14. Coñecendo ás nosas (II)										■	
	15. Presentando a nosa cidade											■
	16. SOS											■
	17. Seguridade viaria e manexo da bici											■
	18. Ruta											

## 10.5 Resumo das actividades e tarefas

A continuación preséntase unha táboa na que se mostran as grandes tarefas a realizar, e as actividades que forman parte das mesmas:

Táboa 11. Resumo de actividades e tarefas do proxecto. Elaboración propia.

Nº	TAREFA	Nº	ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN	MATERIAS	PARTICIPANTES
1	Información inicial	1	Presentación da proposta	Reunión inicial entre a dirección do centro e o profesorado implicado	Educación Física e Inglés	Equipo directivo, profesorado das áreas de EF e Inglés
		2	Comunicar ás familias	Reunión informativa para familias.	EF e Inglés	Equipo directivo, profesorado das áreas de EF e Inglés
		3	Informar aos protagonistas.	Comunicarlle ao alumnado as características do proxecto.	EF e Inglés	Profesores EF e Inglés, alumnado
2	Lipdub	4	Explicación e selección da canción.	Dedicarase unha clase a explicar o concepto de lipdub e a escoller a canción	Inglés	Profesora de Inglés e alumnado.
		5	Preparar o lipdub	Sesións nas materias de EF e inglés, nas que se lles darán unha serie de pasos básicos para introducir no vídeo, ademais de explicar o recorrido que seguirán.	EF e Inglés	Profesor EF e Inglés e alumnado.
		6	Cámaras e... acción (I)	Gravar o lipdub.	EF e Inglés	Profesores EF e Inglés, alumnado.
		7	Amosando o resultado (I)	Proxectar o resultado final o último día de clase previo ás vacacións de Nadal.	EF e Inglés	Profesores EF e Inglés, alumnado
3	Remake caseiro	8	Toma de contacto	Explicación e formación dos grupos de traballo	Inglés	Profesores EF e Inglés, alumnado.
		9	Elección de escenas	Comunicar as escenas elixidas aos profesores para recibir o visto bo.	EF e Inglés	Profesores EF e Inglés, alumnado.

Ampliando o noso alfabeto motriz

		10	Cámaras e... acción (II)	Levar a cabo as escenas e filmalas.	EF, Inglés e traballo autónomo	Profesores EF, Inglés e TIC, alumnado.
		11	Amosando o resultado (II)	Proxectar os clips finais o último día de clase do segundo trimestre.	EF e Inglés	Profesores EF e Inglés, alumnado.
4	A nosa historia, sobre rodas	12	Introdución	Explicación da tarefa e organización dos grupos de traballo	EF e Inglés	Profesores EF e Inglés, alumnado.
		13	Coñecendo ós nosos (I)	Visita Zach Monaghan, Kadre Gray, Ashley Hamilton e Sergio García. O alumnado fará unha serie de preguntas a modo de entrevista (preparadas nas clases de inglés)	EF e Inglés	Profesorado inglés e EF, alumnos e deportistas invitados/as.
		14	Coñecendo ás nosas (II)	Visita Charity Adule e Miguel Llorente. O alumnado fará unha serie de preguntas a modo de entrevista (preparadas nas clases de inglés)	EF e Inglés	
		15	Presentando a nosa cidade	Presentación por grupos e con soporte dixital, dos lugares que se visitarán na actividade final.	Inglés	Profesora Inglés e alumnado.
		16	SOS	Sesión sobre nocións básicas de primeiros auxilios.	EF	Profesor EF, membro da Policía Local e alumnado.
		17	Seguridade viaria e manexo da bici	Sesións prácticas na que un membro da policía local lles explicará normas básicas de seguridade e sinalización	EF	Profesor EF, membro da Policía Local, mecánico de BiciCoruña e alumnado.
		18	Ruta	Itinerario en bicicleta pola cidade, con paradas en puntos importantes desde o punto de vista histórico e cultural. O alumnado exercerá de guía para os deportistas invitados, presentándolles en inglés cada parada.	EF e inglés	Profesores de EF e inglés, Policía Local, BiciCoruña, Protección Civil, alumnado e profesorado voluntario doutras materias.

### 10.6 Recursos materiais e humanos

Tanto os recursos materiais como os humanos necesarios para cada tarefa encóntranse especificados nas táboas do apartado seguinte. Cabe recalcar que os materiais e persoal que colabora non supoñen custos para o centro, xa que se reciben a modo de préstamo (no caso das bicicletas por exemplo) e de colaboración voluntaria (as asociacións participantes).

A maiores, na Táboa 15. Inventario do Departamento de Educación Física. Elaboración propia. inclúese todo o material do departamento de EF dispoñible.

### 10.7 Desenvolvemento das tarefas

A continuación inclúese unha táboa resumo de todas as tarefas e actividades que compoñen o proxecto, indicando data de realización, encargados de levala a cabo, recursos necesarios e relación cos elementos do currículo.

*Táboa 12. Tarefas do proxecto interdisciplinario. Elaboración propia.*

<b>TAREFA 1. Información inicial.</b>
<b>ACTIVIDADE 1. Presentación da proposta</b>
DESCRICIÓN: reunión entre os xefes de departamento das áreas implicadas e a dirección do centro no mes de setembro, previa ao inicio das clases. Nesta reunión propóñense as ideas principais do proxecto, en canto a obxectivos que persegue, actividades que se levarán a cabo, necesidades desde o punto de vista organizativo, metodoloxía que se seguirá... Por último, cada xefe de departamento incluírá as distintas actividades dentro da súa Programación Didáctica, sendo coherente co desenvolvemento do curso académico e do proxecto.
<b>ACTIVIDADE 2. Comunicar ás familias</b>
DESCRICIÓN: nova reunión, desta volta para comunicarlles ás familias as características do proxecto. Aproveitaremos a reunión de inicio de curso, para detallar as actividades planificadas, así como os seus obxectivos e a forma en que se levará a cabo, tamén se lles especificará que será necesaria a súa autorización para que o alumnado poida participar nas actividades e para que se comparta o material na páxina web do centro.
<b>ACTIVIDADE 3. Informar aos protagonistas</b>
DESCRICIÓN: na primeira semana de clase, despois de realizar as primeiras clases e coñecer a todos os profesores, xuntarase a todos os alumnos de 1º ESO para explicar en que consiste o proxecto, como repercutirá na avaliación das materias de EF e Inglés. Aproveitarase para repartir as autorizacións para participar no proxecto.

<b>TAREFA 2. Lipdub.</b>	
<b>ACTIVIDADE 4. Explicación do Lipdub e elección da canción</b>	
DESCRICIÓN: Durante o horario da clase de inglés, a profesora explicará en que consiste un lipdub, mediante unha explicación e tamén amosando exemplos. Posteriormente indicará os requisitos cos que debe cumprir a canción ou cancións elixidas para o lipdub. A condición principal é que debe ser unha canción en inglés, se hai máis factores a ter en conta (temáticas, xénero musical...) acordarase nas reunións iniciais, entre responsables do proxecto e estudantes. Cada grupo-clase elixirá unha canción e elaborará unha coreografía para no vídeo final enlazar os 4.	
<b>IMPLICADOS</b>	Profesora de Inglés e alumnado.
<b>ACTIVIDADE 5. Preparar o lipdub.</b>	
DESCRICIÓN: Unha vez elixida a canción, levaranse a cabo 4 sesións durante o horario de EF para que comencen a preparar a coreografía que realizarán no vídeo final. As dúas primeiras sesións servirán para que se vexan unha serie de desprazamentos, movementos e pasos básicos que poderán utilizar ou non na composición final. Nas seguintes sesións darase paso a un traballo máis autónomo por parte de todo o grupo clase, deixándolles total liberdade para a elaboración da coreografía. Unha vez quede pechada a coreografía, dedicaráselle a parte inicial ou final das clases de inglés e de EF a recordala e practicala.	
<b>IMPLICADOS</b>	Profesor de EF, profesora de Inglés e alumnado.
<b>ACTIVIDADE 6. Cámaras e... acción</b>	
DESCRICIÓN: despois de ensaiar durante as semanas previas, levarase a cabo a gravación do vídeo durante o tempo de lecer. Avisarase previamente ao profesorado para que o alumnado do resto de cursos deixe libres os espazos que sexan necesarios. Unha vez o vídeo estea gravado, as clases dividiranse en grupos pequenos para editar a parte que lles corresponde.	
<b>IMPLICADOS</b>	Profesor de EF, profesora de Inglés e alumnado.
<b>ACTIVIDADE 7. Amosar o resultado (I)</b>	
DESCRICIÓN: Aproveitando as actividades típicas do final de cada avaliación e previos ás vacacións de Nadal proxectarase o resultado final para todo o centro e subirase o resultado final á páxina web do centro.	
<b>IMPLICADOS</b>	Profesor de EF, profesora de Inglés e alumnado.
<b>RECURSOS MATERIAIS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Altosfalantes</li> <li>❖ Cámaras de vídeo</li> <li>❖ Ordenadores</li> </ul>



		❖ Programa de edición de vídeo				
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver habilidades interpersoais a través do traballo en equipo e a participación nas clases.</li> <li>- Aceptar o nivel propio e o dos compañeiros, tanto no ámbito motriz como no da lingua estranxeira.</li> <li>- Adquirir habilidades básicas no manexo de programas informáticos.</li> </ul>				
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS	CRITERIOS AVALIACIÓN	SABERES BÁSICOS		MATERIA	COMPETENCIAS CLAVE	
2	2.1	C.1 D.1 E.1	C.4 D.2 E.3	EF	CCL CP CD CPSAA	
3	3.2					
4	4.1 4.3					
1	1.1 1.2	A.1 B.1 C.1	A.5 B.3 C.3	A.6		Inglés
3	3.1					

TAREFA 3. Remake caseiro.	
ACTIVIDADE 8. Toma de contacto.	
DESCRIPCIÓN: explicarase en que consistirá a tarefa na clase de inglés e conformaranse os grupos de traballo para levala a cabo. O remake deberá ser dunha película con temática deportiva e terá que estar feito en inglés. Isto poderá facerse mediante unha película en inglés ou unha en español que os propios alumnos traduzan previamente. No prazo de 2 semanas deben comunicarlle aos profesores a película e escenas que queren utilizar. Será imprescindible que as escenas que se recreen sexan realizando actividade física.	
IMPLICADOS	Profesora de Inglés e alumnado.
ACTIVIDADE 9. Elección de escenas	
DESCRIPCIÓN: no prazo de 2 semanas, os grupos irán comunicando as escenas elixidas para que os profesores as revisen e lles poidan dar o visto bo. Os integrantes dos grupos deberán poñerse de acordo para esta elección. Para que as escenas sexan válidas deben contar ca aprobación de ambos profesores.	
IMPLICADOS	Profesora de Inglés e alumnado.

Ampliando o noso alfabeto motriz

ACTIVIDADE 10. Cámaras e... acción (II)						
DESCRICIÓN: durante unha semana enteira, no tempo de lecer o ximnasio do centro estará dispoñible para acudir a practicar as escenas e diálogos, contando cos profesores de EF e Inglés para consultar dúbidas e axudar. As dúas semanas seguintes estará dispoñible igualmente para realizar as gravacións. Unha vez teñan todas as escenas gravadas, os grupos editarán os seus vídeos e entregaranos.						
IMPLICADOS		Profesor de EF, profesora de Inglés e alumnado.				
ACTIVIDADE 11. Amosar o resultado (II)						
DESCRICIÓN: Aproveitando as actividades típicas do final de cada avaliación e previos ao Entroido, proxectarase o resultado final para todo o centro e subirase o resultado final á páxina web do centro						
IMPLICADOS		Profesor de EF, profesora de Inglés e alumnado.				
RECURSOS MATERIAIS		<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Cámaras de vídeo</li> <li>❖ Ordenadores</li> <li>❖ Programa de edición de vídeo</li> </ul>				
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver habilidades interpersoais a través do traballo en equipo e a participación nas clases.</li> <li>- Aceptar o nivel propio e o dos compañeiros, tanto no ámbito motriz como no da lingua estranxeira.</li> <li>- Adquirir habilidades básicas no manexo de programas informáticos.</li> </ul>				
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS	CRITERIOS AVALIACIÓN	SABERES BÁSICOS			MATERIA	COMPETENCIAS CLAVE
3	3.2	C.1	C.3	C.4	EF	CCL CP CD CPSAA
4	4.3	D.1	D.2	E.2		
1	1.1 1.2	A.1	A.5	A.6	Inglés	CCL CP CD CPSAA
3	3.1	B.2 C.1	B.3 C.3			

<b>TAREFA 4. A nosa historia, sobre rodas</b>	
<b>ACTIVIDADE 12. Introducción</b>	
DESCRIPCIÓN: Nun recreo xuntarase ao alumnado de 1º ESO para explicar en que consistirá esta última tarefa. Na seguinte sesión de EF conformarase os grupos de traballo, para que na clase de Inglés repartan os distintos lugares relevantes histórica e culturalmente da cidade da Coruña e preparen unha presentación a modo de guías turísticos (con soporte dun PowerPoint ou similar).	
<b>IMPLICADOS</b>	Profesor de EF, profesora de Inglés e alumnado.
<b>ACTIVIDADE 13. Coñecendo ós nosos (I).</b>	
DESCRIPCIÓN: Xuntando as clases de Inglés e EF (100 minutos), realizarán entrevistas ao adestrador e aos xogadores de fala inglesa do Leyma Básquet Coruña. O foco desta actividade é en primeiro lugar a situación comunicativa alumnado-deportistas, e en segundo lugar levarase a cabo unha parte práctica máis extensa (de baloncesto) na que poderán interactuar cos invitados a través do deporte que practican a nivel profesional, recibindo unha <i>Master class</i> . No recreo aproveitarase para facer unha pequena entrega de premios aos participantes na liga interna de baloncesto.	
<b>IMPLICADOS</b>	Profesor de EF, profesora de Inglés, alumnado e deportistas convidados.
<b>ACTIVIDADE 14. Coñecendo ás nosas (II)</b>	
DESCRIPCIÓN: Xuntando as clases de Inglés e EF (100 minutos), realizarán entrevistas ao adestrador e ás xogadoras de fala inglesa do RC Deportivo ABANCA. O foco desta actividade é en primeiro lugar a situación comunicativa alumnado-deportistas, e en segundo lugar levarase a cabo unha parte práctica máis extensa (de fútbol) na que poderán interactuar cos invitados a través do deporte ao que practican a nivel profesional, recibindo unha <i>Master class</i> . No recreo aproveitarase para facer unha pequena entrega de premios aos participantes na liga interna de fútbol.	
<b>IMPLICADOS</b>	Profesor de EF, profesora de Inglés, alumnado e deportistas convidadas.
<b>ACTIVIDADE 15. Presentando a nosa cidade</b>	
DESCRIPCIÓN: realizarase a exposición mediante presentacións (PowerPoint ou similar) por parte dos grupos formados na ACTIVIDADE 12, terá lugar na clase de inglés. Ao finalizar, a profesora de inglés elixirá os grupos encargados de realizar esa mesma exposición o día da ruta pola cidade.	
<b>IMPLICADOS</b>	Profesora de Inglés e alumnado.
<b>ACTIVIDADE 16. SOS</b>	
DESCRIPCIÓN: dada a natureza da actividade, aproveitarase para levar a cabo unha sesión sobre primeiros auxilios por parte da Policía Local, para que o alumnado conte cunhas noicións básicas no caso dun accidente.	
<b>IMPLICADOS</b>	Profesor EF, alumnado e membros da Policía Local.
<b>ACTIVIDADE 17. Seguridade viaria e manexo da bicicleta.</b>	

DESCRICIÓN: levaranse a cabo unha serie de sesións nas que se dividirá a clase en distintas estacións, nunhas traballarán a seguridade viaria con membros da Policía Local; noutras aprenderán ou mellorarán o seu manexo da bicicleta, ademais de aprender a resolver sinxelos problemas mecánicos cos que se poden atopar. Para este segundo grupo, contarase ca participación das asociacións locais <i>Mobi-Liza</i> e <i>Escola da bici</i> .	
IMPLICADOS	Profesor de EF, alumnado, membros da Policía Local e asociacións Mobi-Liza e Escola da bici.
<b>ACTIVIDADE 18. Ruta</b>	
DESCRICIÓN: a actividade final realizarase o día (DATA) ao longo da mañá. A primeira hora os participantes na actividade (alumnado e profesorado) reuniranse no centro para comezar o traxecto. Así mesmo, alí estarán os membros da Policía Local, Protección Civil, Mobi-Liza e Escola da bici. A expedición irá escoltada en todo momento por axentes da Policía Local da Coruña e visitará os seguintes lugares: <u>Cidade deportiva de Riazor, Coraza do Orzán, Fonte dos surfistas, Museo DOMUS, Aquarium Finisterrae, Antiga Prisión Provincial, Cidade deportiva da Torre, estatua do Rei Breogán, Torre de Hércules, Paseo dos Menhires.</u> Logo de completar esta parte do recorrido, realizarase unha pausa para tomar repoñer forzas e comer (cada alumno/a leva o seu aperitivo). Na segunda parte do recorrido visitarase as seguintes localizacións: <u>Escola de Arte Superior de Deseño (EASD) Pablo Picasso, Reitorado da Universidade da Coruña, Casa-Museo de María Pita, Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán, Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón, Praza de María Pita, Teatro Rosalía de Castro, Obelisco, Xardíns de Méndez Núñez.</u> Adxúntanse o itinerario no Anexo 3. Itinerario da saída en bicicleta. e os mapas cas rutas correspondentes a cada tramo no Anexo 4. Mapas da ruta en bicicleta Esta actividade está pensada como broche final do proxecto, mediante unha xornada de actividade física, aproveitando as paradas culturais para que o alumnado exerza de guía turístico para os deportistas dos clubs que previamente coñeceron nas visitas ao centro.	
IMPLICADOS	Profesor de EF, alumnado, membros da Policía Local e asociacións Mobi-Liza e Escola da bici.
RECURSOS MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Ordenadores</li> <li>❖ Bicicletas</li> <li>❖ Equipo de protección para andar en bicicleta</li> </ul>
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptar o nivel propio e o dos compañeiros, tanto no ámbito motriz como no da lingua estranxeira.</li> <li>- Desenvolver habilidades interpersoais a través do traballo en equipo e a participación nas clases</li> <li>- Coñecer a historia da cidade aprendendo a moverse de forma sostible por ela.</li> <li>- Relacionar saúde, ocio e deporte a través da mobilidade.</li> </ul>

Ampliando o noso alfabeto motriz

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS	CRITERIOS AVALIACIÓN	SABERES BÁSICOS	MATERIA	COMPETENCIAS CLAVE
2	2.2 2.3	<p style="text-align: center;"> <b>B.1      B.2</b>  <b>C.1      C.2      C.3</b>  <b>D.1      D.2</b>  <b>F.1      F.2      F.3      F.4</b> </p>	EF	<p style="text-align: center;">           CCL            CP            CD            CC         </p>
3	3.1			
5	5.1 5.2			
1	1.1 1.2			
2	2.1 2.3	<p style="text-align: center;"> <b>A.1      A.2      A.3      A.4      A.5      A.6</b>    <b>B.1                      B.3</b>    <b>C.1                      C.2                      C.3</b> </p>	Inglés	
3	3.1 3.2			
4	4.1 4.2			

## 10.8 Pautas metodolóxicas

En este punto, coméntanse as principais orientacións didácticas e metodoloxía que se seguirá para a realización deste proxecto en xeral e das actividades e tarefas que o compoñen en particular.

Seguindo os modelos descritos por Blázquez (2016), atopamos trazos característicos da aprendizaxe por proxectos, en canto ao rol de profesorado e alumnado:

O **papel do profesorado** consiste nunha preparación inicial do proxecto que require máis tempo pola súa parte, para despois ceder o control e deixarlle traballar ao alumnado en múltiples direccións, permitindo unha certa autoxestión e deixando a porta aberta á creatividade.

O **papel do alumnado** nos proxectos conleva asumir responsabilidades á hora de tomar decisións, traballar colaborativamente, ter iniciativa, facer intervencións en público e, en moitos casos, construír o seu propio coñecemento.

Tomando como referencia a mesma publicación, tamén encontramos características da aprendizaxe colaborativa, como son as seguintes:

- **Interdependencia positiva** dentro de cada grupo, é dicir, en cada unha das actividades e tarefas, o desempeño do grupo dependerá do esforzo de cada un dos seus membros.
- **Interacción promotora**, isto é, que entre os propios membros dos grupos se favorezan e estimulen as aprendizaxes. Poderán intercambiar información co resto de grupos, resolver dúbidas a través do ensaio-erro propio e o dos demais.
- **Responsabilidade** individual e grupal.
- Uso adecuado das **habilidades sociais**.

Durante a maior parte do tempo, os estilos de ensino que se aplicarán serán o descubrimento guiado e a resolución de problemas, pero en determinados momentos ou situacións, será necesario tamén recorrer a estilos máis directivos como mando directo ou asignación de tarefas.

## 10.9 Atención á diversidade

Unha das metas do proxecto é que todo o alumnado sexa e se sinta partícipe nas distintas actividades. Nas dúas tarefas principais, o *Lipdub* e o *Remake caseiro*, consideraranse medidas de carácter xeral xa que tanto problemas puntuais de saúde (lesión, enfermidade...), como dificultades físico-motoras ou moitas outras condicións (Trastorno Déficit de Atención e Hiperactividade, altas capacidades, trastornos de conducta...) non impiden a participación nos proxectos e incluso se verán beneficiadas polo traballo en grupo e socialización necesaria para levalo a cabo.

En canto á actividade final, coa saída para facer unha ruta en bicicleta, contemplamos dúas problemáticas principais:

- **Alumnado que non sabe andar en bicicleta:** A través das asociacións Mobi-Liza e Escola da Bici, organizaranse cursos de iniciación nas dúas semanas previas á actividade. Estas poderían levarse a cabo en horario da materia de EF ou en horario de actividades extraescolares.

- **Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (ACNEE):** para o alumnado con diferentes problemas de mobilidade, ou outro tipo de condición, propóñense dúas solucións. Para aqueles que queiran participar pedaleando, contarase con bicicletas adaptadas ou tándems cedidos pola ONCE. No caso de que non se atrevan ou non se vexan capaces de escoller esa opción, poderán facer o recorrido no furgón policial que pecha o pelotón ciclista e acudir ás diferentes actividades propostas nas paradas programadas.

## 10.10 Avaliación do estudante e do proxecto

Neste punto aclárase de que modo se vai avaliar aos estudantes dentro da materia de EF e o proxecto, tanto por parte dos responsables como do alumnado.

### 10.10.1. Estudante

O modelo de avaliación que se propón está pensado para darlle valor ao proceso e non só ao produto final, así como para darlle valor á colaboración entre os membros do grupo, outorgándolles a responsabilidade de cualificarse a si mesmos e aos seus compañeiros.

No primeiro trimestre co *Lipdub* e no segundo co *Remake caseiro*, o valor das tarefas do proxecto na materia de EF será de 1 punto sobre a nota final; no terceiro trimestre, a tarefa *A nosa historia, sobre rodas* terá un valor de 2 puntos.

É común que as autoavaliacións e coavaliacións non se tomen en conta na nota final, pero iso pódese entender como que non serven para nada, de modo que a combinación destes dous modelos de avaliación suporá o 50% da nota ao final de cada trimestre. É unha porcentaxe importante dentro do proxecto, pero no global da materia trátase dunha pequena parte (evitando notas demasiado infladas polas autocalificacións).

O **25%** da nota en cada trimestre determínase mediante unha ficha de autoavaliación, que cada rapaz ou rapaza cubrirá en relación a si mesmo/a.

Outro **25%** da nota de cada alumno/a vén definido por outra ficha de avaliación, que responderán os seus compañeiros de grupo en función da percepción que teñen das labores realizadas polo seu compañeiro.

Por último o **50%**, outorgarao o profesor/a, valorando tanto o produto final como o proceso.

Tanto as fichas de autoavaliación e coavaliación, como a rúbrica mediante a cal puntúa o profesor/a, inclúense no Anexo 2. Fichas de avaliación e rúbricas

### 10.10.2 Proxecto

A avaliación do proxecto levarase a cabo mediante un cuestionario cuberto polo alumnado e outro polo profesorado implicado, unha vez realizadas todas as tarefas.

Despois de recoller as respostas, o profesorado fará unha posta en común e debaterá posibles cambios para mellorar de cara á realización do proxecto en cursos futuros. Este cuestionario inclúese no Anexo 2. Fichas de avaliación e rúbricas

### 10.11 Xestión de risco

Durante as actividades do primeiro e segundo trimestre, o risco de lesión ou accidente durante o proxecto non é maior que en calquera outra clase normal e corrente, de modo que non se tomará ningunha medida de carácter extraordinario. En todo caso a prudencia e a prevención sempre estarán presentes.

Para a actividade final do terceiro trimestre si que haberá que tomar algunha medida a maiores, xa que se realiza fora do recinto do centro e utilizando bicicletas como medio de transporte.

Xa durante as sesións de preparación, contarase con monitores das asociacións colaboradoras que velarán pola seguridade, recordarán as medidas de prevención e xunto co profesorado aseguraranse de que o alumnado conte co equipamento necesario (calzado e casco) en perfecto estado e ben colocado.

Nestas sesións preparatorias, ademais de saber como actuar no caso de presenciar un accidente, intentarase que a prioridade sexa evitalos.

Para o traxecto pola cidade cóntase ca presenza de profesorado do centro, monitores e membros da policía local, estes últimos tomarán as medidas necesarias para minimizar a posibilidade de calquera incidencia. Non se circulará pola mesma vía que os coches e ao mesmo tempo grazas á actuación da policía, evitando así o risco dos accidentes máis graves que poderían ter lugar nunha actividade destas características, os atropelos.

#### **MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS:**

- Revisar equipamento antes de comezar (casco e calzado).
- Consultar a previsión meteorolóxica, para adaptar o equipamento ou adiar a actividade se fose necesario.
- O profesorado responsable debe contar cunha lista de contactos de emerxencia de todos os alumnos.

Aínda con todas as medidas o risco de accidente existe, vai ligado a calquera actividade. A estratexia é minimizalos ao máximo, e en caso de que ocorran, ter un protocolo claro de actuación (que neste caso se verá facilitado por contar ca presenza de corpos de seguridade durante a ruta).

O protocolo de protexer, avisar e socorrer (PAS) será a referencia, xa que será un dos contidos das actividades de primeiros auxilios. Sería recomendable que souberan aplicar todos os pasos, pero no desenvolvemento da actividade adaptárase á situación e deberán axudar ao compañeiro ou compañeira accidentada e avisar a algún profesor, monitor ou axente de policía para que eles se fagan cargo e xestionen a situación a partir de aí.

Asúmese a posibilidade de accidente e trátase de estar preparado para dar unha resposta adecuada.




## 11. Análise de competencias do Grao respecto ao TFG

Neste apartado, analízanse as competencias do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte que foron necesarias para a realización do Traballo de Fin de Grao.

Para levar a cabo esta análise convén recordar que o plan de estudos actual configura tres bloques distintos de competencias, dividíndoas en tres tipos: tipo A ou específicas (36), tipo B ou xerais/básicas (20) e tipo C ou nucleares/transversais (8).

Antes de entrar a valorar en profundidade as competencias que foron necesarias durante a realización deste traballo, mostrarase de forma máis visual a través dunha pequena táboa. O grado de adquisición de cada competencia distinguirase mediante cores, deixando aquelas que non foron adquiridas durante a realización do traballo sen colorear.



Táboa 13. Síntese das competencias do Grao. Elaboración propia.

ESPECÍFICAS	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9	A10	A11	A12
	A13	A14	A15	A16	A17	A18	A19	A20	A21	A22	A23	A24
	A25	A26	A27	A28	A29	A30	A31	A32	A33	A34	A35	A36
BÁSICAS	B1	B2	B3	B4	B5	B6	B7	B8	B9	B10	B11	B12
	B13	B14	B15	B16	B17	B18	B19	B20				
NUCLEARES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8				

### 11.1 Análise por bloques

#### 11.1.1 Análise das competencias específicas

Táboa 14. Análise das competencias do Grao desenvolvidas no TFG.

A1	<i>Comprender os beneficios do deporte como experiencia de lecer para ser capaz de incluír os indicadores fundamentais na planificación e atender os mesmos no desenvolvemento da práctica de lecer, considerando o xénero, a idade e a discapacidade, e analizando con enfoque crítico as estratexias de discriminación positiva.</i>
A través de diversas materias como Bases da Educación Física e Deportiva, Actividade Física Saudable e Calidade de Vida I e II, Tª e Pª do Exercicio ou Tª e Pª do Adestramento poden asimilar o descrito nesta competencia, e aínda que este traballo non se centra neste ámbito, leva implícita a vivencia de actividade física como medio de disfrute para que os estudantes a inclúan na súa vida cotiá.	

A3	<i>Coñecer e analizar a cultura deportiva e propoñer os cambios necesarios, na propia e na das persoas coas que traballa, desde a ética e o xogo limpo, as diferenzas de xénero e a visibilidade dos discapacitados.</i>
A través das actividades dos dous primeiros trimestres, ambas de carácter artístico-expresivo, móstrase unha apertura cara dedicarlle máis tempo a este tipo de contidos no ámbito escolar. Neste tipo de contidos a tendencia é que as rapazas sexan máis participativas que os rapaces, polo que se intenta incrementar a súa participación na materia.	

A4	<i>Coñecer e comprender as bases que aporta a educación física á formación das persoas.</i>
É un dos piares do traballo, propoñendo un programa que sexa parte da formación integral das persoas a través de actividade física e o inglés, creando múltiples situacións comunicativas que reforcen e melloren as habilidades sociais.	

A5	<i>Fomentar a convivencia, estimulando e poñendo en valor a capacidade de constancia, esforzo e disciplina dos participantes nas actividades de educación física e deportiva.</i>
Neste traballo as metodoloxías abertas e colaborativas son a base da proposta. Ademais, durante a elaboración das fichas de avaliación, tratouse de darlle peso aos comportamentos arriba mencionados, sendo estes máis importantes incluso ca o produto final.	

A6	<i>Deseñar e ordenar estratexias e espazos de aprendizaxe que respondan á diversidade social (sexo, xénero, idade, discapacidade, culturas...) e ao respecto dos dereitos que conforman os valores que aporta a educación física e deportiva á formación integral dos cidadáns.</i>
A variedade de tarefas que se seleccionou para o proxecto responden a xogos ou actividades coeducativas, nas que o respecto mutuo e a colaboración son a base a partir da cal avanzar. Por estes motivos, penso que adquirín esta competencia nun grado bastante alto durante a elaboración do TFG.	

A7	<i>Promover e avaliar a formación de hábitos de actividade física e deporte ao longo do ciclo vital, considerando que a idade, o xénero ou a discapacidade son variables que necesitan da intervención consciente para favorecer a igualdade de oportunidades.</i>
Unha das intencións de levar a cabo un proxecto interdisciplinario coa actividade física como principal medio, é poñer en contacto ao alumnado con diversas situacións de actividade física, para que vendo a variedade que hai poidan escoller algunha do seu agrado para incluíla no día a día.	

A8	<i>Deseñar, desenvolver, e avaliar os procesos de ensino – aprendizaxe, relativos á actividade física e o deporte, con atención e titorización segundo as características individuais e contextuais das persoas (xénero, idade, discapacidade, culturas, etc.).</i>
Esta pode ser unha das competencias que máis conseguín desenvolver facendo o TFG, xa que ademais da formación previa en materias como Pedagogía, Proceso de ensino-aprendizaxe ou Planificación do Proceso de Ensino/Aprendizaxe, tiven que relacionar a idea de proxecto que tiña cos elementos curriculares para que fora viable nun centro educativo	

A9	<i>Elaborar propostas curriculares para as distintas etapas no marco institucional dun centro educativo, desenvolvendo os elementos da programación didáctica da área de E. Física, con arranxo á lexislación vixente e ao proxecto educativo de centro.</i>
Como no caso anterior, posiblemente das que máis conseguín desenvolver, achegándolle aos coñecementos adquiridos nas materias mencionadas a aprendizaxe derivada de ter que guiarme polos documentos e lexislación vixente para que a proposta deste TFG sexa aceptable.	

A10	<i>Coñecer os distintos niveis da lexislación educativa e aplicar os fundamentos básicos que promove en canto á Planificación e Programación Didáctica da Educación Física nas etapas educativas.</i>
Para que a miña proposta neste TFG fose viable tiven que reunir información e utilizar correctamente a lexislación, nos seus distintos niveis. Deste xeito penso que adquirín esta competencia a un nivel moi alto.	

A11	<i>Posuír o conxunto de habilidades ou competencias docentes que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe na aula de educación física.</i>
Unha das máis importantes competencias desde o meu punto de vista, que se ven de maneira teórica nalgunhas materias, pero que onde máis conseguín desenvolver foi durante as prácticas nun instituto. Á hora de pensar e levar a cabo este proxecto, tiven en conta as situacións que vivín e como de competente me sentín durante esas estancias prácticas, para que o produto final sexa algo que eu mesmo podería levar a cabo unha vez chegado ao posto de profesor. Polo tanto creo que o grado de adquisición foi alto e foi importante para o TFG.	

A12	<i>Avaliar e elaborar instrumentos de recollida de datos que atendan aos aprendizaxes do alumno, ao proceso de ensino en si e á función do docente.</i>
No apartado de avaliación (do proxecto e dos estudantes), tiven que poñer en práctica esta competencia, como xa tivera que facer sobre todo na materia de Planificación do Proceso de Ensino/Aprendizaxe principalmente. É unha das competencias do Grao que máis claramente se pode ver aplicada neste TFG.	

A13	<i>Identificar as principais tarefas do profesor de educación física dentro e fóra da aula, resaltando as que fan referencia á súa labor titorial, orientadora e departamental.</i>
Considero que si adquirín esta competencia en canto á labor do profesorado a nivel departamental, e as funcións do xefe/a de departamento na organización deste tipo de traballos interdisciplinarios. Pero por contra, a nivel de funcións titorial e orientadora, non penso que adquirira tantos coñecementos, por iso a sitúo neste nivel medio.	

A15	<i>Coñecer, saber seleccionar e saber aplicar as técnicas de modificación de conduta que pode utilizar o profesional de Educación Física e Deportes nos diferentes ámbitos da súa competencia laboral.</i>
Tendo coñecementos previos grazas ás materias máis achegadas ao ámbito da docencia, considero que este apartado foi unha parte mínima durante a elaboración do traballo, xa que sempre se ten presente que haberá situacións nas que teñamos que modificar unha conduta, pero considéroo unha habilidade persoal que cada profesor utilizará segundo as súas características e experiencias previas. Creo que adquirín esta competencia de maneira moi satisfactoria durante a estada de prácticas, pero durante o TFG non foi tan importante.	

A16	<i>Deseñar, programar e desenvolver actividades esenciais da motricidade humana: o xogo, a danza e a expresión corporal, o exercicio e as actividades no medio natural, no ámbito educativo, recreativo e da actividade física e saúde, promovendo a igualdade de dereitos e oportunidades e evitando a exclusión en función do xénero e a discapacidade.</i>
Esta competencia podería ser a definición do proxecto, engadindo algúns matices. Creo que a través do deseño de contidos e temporalización dos mesmos cumprín coa adquisición desta competencia moi satisfactoriamente.	

A21	<i>Deseñar, planificar e realizar actividades físicas e deportivas en lugares ou espazos que implican un risco intrínseco: no medio acuático, na neve ou outros do medio natural ou con animais.</i>
Para perfilar a última das 3 grandes tarefas, con saída ao exterior do centro en bicicleta incluída, houbo que realizar unha análise dos riscos e un protocolo de actuación para posibles incidencias. A través desta tarefa fun adquirindo esta competencia nun nivel alto, reforzando así o visto principalmente na materia de Actividade Física no Medio Natural.	
A24	<i>Deseñar, planificar, avaliar técnica e cientificamente e administrar programas de actividade física adaptada a persoas e diferentes grupos de poboación con discapacidade, ou que requiran atención especial.</i>
Despois de ver os coñecementos teóricos e experimentar tamén algunhas sesións prácticas na materia de Actividade Física e Deporte Adaptado, esta competencia púxena en práctica e desenvólina especialmente no apartado de atención á diversidade.	
A29	<i>Identificar os riscos para a saúde que se derivan da práctica de actividade física insuficiente e inadecuada en calquera colectivo ou grupo social.</i>
Creo que en todo proxecto que implique á educación física leva implícito o coñecer os riscos da práctica física insuficiente, así como de promover estilos de vida activos e saudables. Aínda que non haxa ningún contido específico, considero que si aparece de xeito transversal neste TFG.	
A30	<i>Aplicar técnicas e protocolos que lle permitan asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, aplicando, de ser necesario, os primeiros auxilios.</i>
Considero que a adquirín nun grado medio, xa que tiven que buscar información para planificar algunha sesión de formación acerca disto, e preparar un protocolo de actuación; o motivo polo que non considero que a adquirise en maior medida é porque estas técnicas e protocolos deben ser levadas á práctica para afianzar o coñecemento, e durante a elaboración deste traballo foi solo en forma de coñecemento teórico.	
A32	<i>Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos.</i>
Esta competencia pódese considerar como a miña labor principal desde que comecei a preparar este traballo, tendo que facer de maneira teórica a xestión de servizos, actividades, instalacións, etc. de modo que penso que adquirín a competencia de xeito moi satisfactorio.	
A33	<i>Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde.</i>
As dúas primeiras grandes tarefas deste traballo son moi abertas en canto ao equipamento deportivo necesario, pero si que foi necesario afondar máis neste aspecto de cara á terceira gran tarefa, tendo que especificar sobre todo elementos de seguridade.	
A36	<i>Coñecer e saber aplicar as novas tecnoloxías da información e a imaxe, tanto nas ciencias da actividade física e do deporte, como no exercicio profesional</i>
Tanto mediante a realización do traballo utilizando diferentes recursos dixitais, como a planificación de actividades que inclúan o uso de editores de vídeo ou de música, considero que esta competencia foi adquirida nun nivel alto.	

## 11.1.2 Análise competencias básicas

<b>B1</b>	<i>Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte.</i>
Durante todo o proceso de construción deste traballo, tiven que poñer en práctica distintas metodoloxías e estratexias para a busca de información e para tentar facer unha proposta que sexa significativa para a aprendizaxe dos/as estudantes. Por este motivo penso que adquirín esta competencia nun grado alto.	
<b>B2</b>	<i>Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.</i>
Paréceme unha competencia moi importante, xa que a capacidade de adaptación é básica para ser un bo profesional en calquera ámbito. Mentres facía este traballo atopei dúas situacións nas que identifiquei especialmente o desenvolvemento desta competencia: primeiro, cando xorden novas ideas, o intentar incluílas dentro da proposta para que teñan sentido e sexan significativas; e segundo, cando recibía feedback por parte da miña titora, tendo que cambiar cousas que xa daba por feito que quedarían así na versión final do traballo. Por todo isto, penso que adquirín esta competencia nun grado alto.	
<b>B3</b>	<i>Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.</i>
Penso que é unha das bases do TFG, traballar de maneira autónoma para a creación dunha proposta orixinal e tentando tomar as decisións axeitadas por un mesmo. A maiores, este tipo de proxectos implica a planificación en distintos contextos, non se pode considerar unha programación de aula, que sería máis específica.	
<b>B5</b>	<i>Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.</i>
A medida que fun avanzando no Grao, as mencións a esta competencia foron aumentando, dándolle cada vez máis importancia. Neste traballo manifesteina de dúas maneiras, unha foi referenciando todos os contidos procedentes doutras obras, para evitar situacións de plaxio; a outra foi que todas as actividades están pensadas para manter un respecto máximo cara a sociedade e buscan a formación do alumnado de maneira integral.	
<b>B5</b>	<i>Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.</i>
A medida que fun avanzando no Grao, as mencións a esta competencia foron aumentando, dándolle cada vez máis importancia. Neste traballo manifesteina de dúas maneiras, unha foi referenciando todos os contidos procedentes doutras obras, para evitar situacións de plaxio; a outra foi que todas as actividades están pensadas para manter un respecto máximo cara a sociedade e buscan a formación do alumnado de maneira integral.	
<b>B6</b>	<i>Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.</i>
Durante o Grado fun capaz de adquirir esta competencia amplamente, a través de intervencións nas prácticas ou en materias como Muller e Deporte. No correspondente a este TFG, o grado de adquisición foi menor, xa que se planifican as sesións e se pode ter unha idea sobre como se vai dinamizar os grupos, pero non se pode chegar a poñer en práctica.	
<b>B7</b>	<i>Xestionar a información.</i>
Principalmente a través dos apartados de marco teórico, marco legislativo e revisión bibliográfica, puiden desenvolver esta competencia de maneira exitosa.	

B8	<i>Desenvolver hábitos de excelencia e calidade nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.</i>
<p>Foi unha constante durante os estudos, o intentar realizar traballos de calidade e superarme a min mesmo. Posiblemente este traballo sexa un dos proxectos que máis vontade puxen para que saia adiante da mellor maneira posible; a isto tamén axudou a titorización, cunha alta esixencia en busca de sacar o mellor do traballo.</p>	
B9	<i>Comprender a literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte en lingua inglesa e en outras linguas de presenza significativa no ámbito científico.</i>
<p>Durante toda esta etapa universitaria fíxose necesario manexar literatura noutras linguas para completar coñecementos en diversas materias (especialmente Fisioloxía II e Actividade Física Saudable e Calidade de Vida II). Neste traballo foi especialmente importante na revisión bibliográfica, xa que a presenza de documentos en portugués e inglés principalmente, fíxome progresar nesta competencia.</p>	
B10	<i>Saber aplicar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.</i>
<p>Nos distintos cursos foi necesario utilizar diferentes programas para elaborar documentos, follas de cálculo, presentacións, utilización de aplicacións móbiles... e no caso do TFG tamén se veñen utilizando estes programas, sumado a isto a utilización de bases de datos para a busca de bibliografía. De maneira que considero esta competencia adquirida con creces.</p>	
B11	<i>Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.</i>
<p>No transcurso deste traballo tiven que cambiar o enfoque da miña idea inicial, xa que non se adaptaba ao que é un proxecto interdisciplinario, polo que despois das reunións coa miña titora tiven que modificar case por completo o contido do traballo, así como informarme a través de literatura de cales eran as características dun proxecto interdisciplinario para así poder seguir adiante con este TFG.</p>	
B14	<i>Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.</i>
<p>Facerme con esta competencia foi un paso necesario á hora de realizar este TFG, para adaptar todo o programado á realidade legal actual e que poida ser aplicable. Ademais, ao encontrarnos nunha etapa de transición entre leis, creo que isto dificultou o proceso e ao mesmo tempo axudoume a dominar mellor este apartado. Creo que adquirín esta competencia nun nivel bastante alto.</p>	
B15	<i>Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno...).</i>
<p>Esta competencia funa adquirindo co paso dos anos neste Grao, e creo que conseguín dar un paso máis mediante a realización deste proxecto. Ademais das actividades máis artístico-expresivas, na última gran tarefa tratei de impulsar una actividade física que os estudantes puideran incluír facilmente na súa vida cotiá, coñecendo o seu entorno e dun xeito totalmente educativo e respectuoso coa diversidade.</p>	

B16	<i>Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.</i>
Esta competencia foi básica para tratar de elaborar un traballo o máis ameno posible para a súa lectura. Isto xuntouse a toda a formación recibida na maioría das materias en todos os cursos, xa que se traballou de maneira habitual a comunicación e transmisión de coñecementos a través de exposicións ou dirixindo desde o comezo do primeiro curso algunha clase ou parte dela.	

B17	<i>Promover e avaliar actividades de ampliación curricular, referentes á creación de hábitos autónomos de actividade física e deporte.</i>
A través das visitas de xogadores profesionais dos clubs deportivos referencia na cidade, tratamos de atraer ao alumnado cara a práctica deportiva. Do mesmo xeito, a tarefa final está pensada de tal xeito que os estudantes experimenten unha experiencia de mobilidade sostible ao mesmo tempo que realizan actividade física. Sitúo esta competencia no nivel medio de adquisición porque non é un proxecto de fomento de hábitos de vida saudables, pero penso que si contribúe a elo.	

B18	<i>Comprometerse e involucrarse socialmente coa súa profesión e en concreto, coa situación actual da actividade física e o deporte na educación formal; coa xestión do centro educativo; cos seus compañeiros (traballo cooperativo) e con aqueles aos que educa.</i>
Considero que a través da creación dun proxecto interdisciplinario para un centro, ca intención de involucrar a máis áreas na tarefa de conseguir máis tempo de actividade física ao mesmo tempo que se integran outros coñecementos, pódese dicir que me axudou a adquirir esta competencia. Un dos puntos nos que máis fincapé se fai, é a colaboración entre profesorado para mellorar a calidade do proxecto, en consonancia tamén con esta competencia.	

B19	<i>Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.</i>
Durante estes estudos creo que desenvolvín esta competencia de maneira moi satisfactoria, pero concretamente na elaboración do TFG, o proceso que máis identifico con esta competencia é o de citar e referenciar outros autores. Todos os contidos están pensados para levar a cabo cumprindo coa responsabilidade, respecto e compromiso acordés á profesión, pero ao non levarse a cabo considero que esta competencia non a adquirín máis aló dun nivel medio mentres realizaba o traballo.	

B20	<i>Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.</i>
A partir dos coñecementos adquiridos durante as prácticas, conseguín ter unha idea de que ideas podían ser realistas e cales non serían posibles para propoñer neste proxecto. De modo que si que adquirín esta competencia tanto no Prácticum coma no TFG.	

## 11.1.3 Análise competencias nucleares

C1	<i>Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.</i>
Este traballo está realizado en lingua galega completamente, de modo que esta competencia desenvolveuse do mellor xeito posible.	

C2	<i>Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.</i>
A través da revisión de múltiples documentos (a maioría en inglés), para reunir información de cara a incluíla e utilizala para o traballo, desenvolvín esta competencia nun nivel alto.	

C3	<i>Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.</i>
Foi fundamental utilizar as TIC durante a realización deste traballo, tanto na busca de información, como para introducir gráficos que axuden a comprender ou a visualizar o explicado... de xeito que foi unha competencia moi importante neste TFG.	

C5	<i>Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.</i>
Penso que no traballo dáse bastante importancia á toma de decisións autónoma por parte dos grupos e dos seus compoñentes, pero ao mesmo tempo non me fixo traballar de maneira emprendedora a min, por ese motivo, aínda que si estivo presente doulle un nivel de adquisición baixo.	

C6	<i>Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.</i>
Na parte previa á presentación dos obxectivos e da proposta, nos apartados de introdución, marco teórico, marco legal e revisión bibliográfica principalmente, desenvolvín de xeito amplo e moi satisfactorio esta competencia.	

C7	<i>Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.</i>
Sendo este traballo unha proposta de intervención no ámbito educativo e incluíndo visitas para deportistas adultos coñezan a cidade, penso que se traballou esta competencia de maneira adecuada.	



## 11.2 Análise global das competencias

Tratando de ter unha visión xeral sobre o Grao e as competencias a adquirir, creo que en xeral, acabamos estes estudos cunha formación bastante polivalente, tendo nocións básicas de todos os ámbitos aos que podemos dirixir a nosa actividade profesional. Ao mesmo tempo, considero que para introducirmos ao mundo laboral, fáltannos coñecementos pola falta de experiencia práctica. No meu caso, penso que o único ámbito no que podería incorporarme ao finalizar os estudos sería ao da docencia, pódese deber a que xa é o meu principal interese desde o comezo, e a que fixen a materia *Prácticum* nun instituto e puiden vivir esa primeira experiencia próxima á realidade laboral.

En maior ou menor medida creo que todas as competencias do plan de estudos foron adquiridas no meu caso, a través das distintas materias cursadas.

Como posible proposta de mellora, penso que sería moi positivo para a nosa formación o feito de ter máis períodos de prácticas, polo menos un en cada un dos catro ámbitos principais aos que podemos acceder ao rematar. Non da mesma duración que na actual materia de *Prácticum*, pero en un formato máis reducido poder ver como funcionan, e non efectualas nun único ámbito.

Tamén penso que os exames sobre coñecementos teóricos cumpren unha función importante e necesaria en moitos casos para avaliar aos estudantes, pero en moitos outros casos dáselles demasiado peso na nota final. A alternativa que me gustaría ver, é a de propostas de traballos prácticos que lle requiran ao estudante a aplicación dos coñecementos teóricos, xa que resulta moito máis significativo para a aprendizaxe e moito máis competencial que a simple memorización de conceptos teóricos. Vin esta alternativa no pasado curso (na súa maioría por mor das restricións pola pandemia) e pareceume unha alternativa óptima para aprender.

Por último, unha das maiores complicacións para min e para o resto de compañeiros polo que puiden observar e comentar con eles durante este tempo, é a sobrecarga de traballos nalgúns cuatrimestres. Por contra noutros a carga de traballo era moito máis lixeira, de modo que penso que non sei se é un problema do reparto de materias ou de mala coordinación entre profesorado, pero por momentos foi un problema para o alumnado.

## 12. Conclusións

Dando por finalizada a realización deste Traballo de Fin de Grao, gustaríame destacar que descoñecía bastantes das características e como funcionaba un proxecto interdisciplinario, pero despois de toda a busca de información, consultar bibliografía e traballar na confección dun, paréceme unha das maneiras máis orixinais e motivadoras para o alumnado de conseguir aprendizaxes significativas e moi ricas a nivel competencial.

Para o profesorado posiblemente conleve unha carga de traballo alta no proceso de creación e organización dun proxecto deste tipo, mais a cambio, durante o desenvolvemento do mesmo a súa labor é máis de apoio para ofrecerlles solucións aos estudantes que se atopan con dificultades.

Creo firmemente que proxectos que inclúan actividades do estilo da saída en bicicleta pola cidade, contribúen á adquisición de hábitos máis saudables para a poboación, ademais de contribuír á mobilidade sostible. É importante que se inculquen estilos de vida saudables desde o ámbito educativo, xa que os rapaces e rapazas pasan moito tempo na escola e no instituto, e é un espazo de socialización e de adquisición de rutinas moi importante.

Mediante a proposta do *Lipdub* tamén se lle da maior protagonismo ás actividades máis artísticas e expresivas, tratando de que a educación física sexa cada vez un pouco máis coeducativa e consiga atraer tanto ao alumnado masculino como ao feminino para que aumenten os niveis de actividade física.

A través da creación de múltiples situacións comunicativas e da necesidade do uso do inglés, tamén se buscou incentivar os procesos de colaboración, e a desinhibición no uso do inglés para poder progresar na súa aprendizaxe.

Por último, este traballo é o broche final á miña formación no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, pero primeiro paso para comezar acumular experiencia, mellorar e seguir formándome para exercer do mellor xeito posible.

### 13. Referencias

- Agraso López, A. D., García Cantó, E., Carrillo López, P. J., & Moral García, J. E. (2021). Relación entre la enseñanza bilingüe en educación física con el rendimiento académico y nivel de práctica de actividad física. *Papeles Salmantinos de Educación*, 25, 117–139. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=8103231>
- Alonso Rueda, J. A., Cachón Zagalaz, J., Castro López, R., & Zagalaz Sánchez, M. L. (2015). Propuesta didáctica bilingüe para educación física en educación primaria. Juegos populares y tradicionales ingleses. *Retos: Nuevas Tendencias En Educación Física, Deporte y Recreación*, 28, 116–121. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=5146261>
- Baena Extremera, A., Gómez López, M., & Granero Gallegos, A. (2017). Aprendizaje de la Educación Física Bilingüe a partir de las Metas de Logro y el Clima de Aprendizaje. *Porta Linguarum: Revista Internacional de Didáctica de Las Lenguas Extranjeras*, 28, 81–93. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=6267754>
- Borges Gattás, Maria Lúcia, & Ferreira Furegato, Antonia Regina (2007). A INTERDISCIPLINARIDADE NA EDUCAÇÃO. *Rev Rene*, 8(1),85-91.[fecha de Consulta 18 de Febrero de 2022]. ISSN: 1517-3852. Disponible en: <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=324027956011>
- Blázquez, D. (2016). Métodos de enseñanza en educación física: enfoques innovadores para la enseñanza de competencias. Barcelona: INDE.
- Campillo Piqueras, M. (2017). Metodología CLIL en las clases de Educación Física para una enseñanza bilingüe. *Lecturas: Educación Física y Deportes*, 22(235). <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=7272738>
- Constitución Española. Art. 43. 29 de diciembre de 1978 (España)
- Coral, J., Urbiola, M., Sabaté, E., Bofill, J., Lleixà, T., & Vilà Baños, R. (2020). Does the Teaching of Physical Education in a Foreign Language Jeopardise Children’s Physical Activity Time? A Pilot Study. *International Journal of Bilingual Education and Bilingualism*, 23(8), 839–854. <http://dx.doi.org/10.1080/13670050.2017.1407289>

- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/201111221/AnuncioC3F1-151211-9847\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/201111221/AnuncioC3F1-151211-9847_gl.html)
- EF Education First. (2021). *EF EPI Índice EF de nivel de inglés*. (n.d.). [www.ef.com/epi](http://www.ef.com/epi)
- Engel G. L. (1977). The need for a new medical model: a challenge for biomedicine. *Science* (New York, N.Y.), 196(4286), 129–136. <https://doi.org/10.1126/science.847460>
- Estrada, A., & García, V. (2001). Idioma y globalización: ¿Un nuevo término para un viejo fenómeno? *Revista Humanidades Médicas*, 1(1), 1–22. Recuperado de [http://scielo.sld.cu/scielo.php?script=sci\\_arttext&pid=S1727-81202001000100007](http://scielo.sld.cu/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1727-81202001000100007).
- Fernández Barrionuevo, E., Baena Extremera, A., & Villoria Prieto, J. (2021). La educación física bilingüe como forma de motivar hacia el aprendizaje en una lengua extranjera: Estudio preliminar basado en el modelo trans-contextual. *Retos: Nuevas Tendencias En Educación Física, Deporte y Recreación*, 42, 244–255. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=7986286>
- García-Calvo, S. (2018). Asignaturas de Educación Física e Inglés. Enfoque constructivista vs enfoque tradicional en la educación bilingüe y no bilingüe. *Sportis. Scientific Journal of School Sport, Physical Education and Psychomotricity*, 4(2), 364-387. <https://doi.org/10.17979/sportis.2018.4.2.3330><https://doi.org/10.17979/sportis.2018.4.2.3330>
- García-Calvo, S., Banegas, D. L., & Salaberri, M. S. (2019). Estudio de satisfacción en Educación Física Bilingüe tras aplicar una programación basada en el aprendizaje integrado de contenidos y lengua. *Sportis. Scientific Journal of School Sport, Physical Education and Psychomotricity*, 5(2), 305-322. <https://doi.org/10.17979/sportis.2019.5.2.5235>
- García-Jiménez, J. V., García-Pellicer, J. J., & Yuste Lucas, J. L. (2012). Educación Física en inglés. Una propuesta para trabajar la higiene postural en Educación Primaria. *Retos: Nuevas Tendencias En Educación Física, Deporte y Recreación*, 22, 70–75. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=3985146>
- Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y de Formación del Profesorado. (2020). Nuevas estadísticas sobre el aprendizaje de lenguas extranjeras. <https://intef.es/Noticias/nuevas-estadisticas-sobre-el-aprendizaje-de-lenguas-extranjeras/>

- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Diario Oficial de Galicia, núm. 136, de 15 de xullo de 2011.  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110715/AnuncioC3B0-050711-4046\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110715/AnuncioC3B0-050711-4046_gl.html)
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se Modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Boletín Oficial del Estado, 340, de 30 de diciembre de 2020.  
<https://www.boe.es/eli/es/lo/2020/12/29/3>
- Lenoir, Yves. «Interdisciplinariedad en educación: una síntesis de sus especificidades y actualización.» *Interdisciplina I*, núm. 1 (2013): 51-86.  
<http://www.revistas.unam.mx/index.php/inter/article/view/46514>
- Lin, A. M. Y. (2008). Cambios de paradigma en la enseñanza de inglés como lengua extranjera: el cambio crítico y más allá. *Revista Educación y Pedagogía*, 20(51), 11–23. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=3074193>
- Martínez Hita, F. J., & García Cantó, E. (2017). Influencia del bilingüismo en el tiempo de compromiso motor en Educación Física. *Retos: Nuevas Tendencias En Educación Física, Deporte y Recreación*, 32, 178–182.  
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=6352298>
- Ministerio de Educación y Formación Profesional. (2019). Resultados y conclusiones sobre la calidad de los programas AICLE en España.  
<https://www.educacionyfp.gob.es/mc/sgctie/comunicacion/blog/2019/programas-aicle.html>
- Molero Clavellinas, J. J. (2011). De la Educación Física hacia la Educación Física bilingüe: un análisis desde el punto de vista metodológico. *EmásF: Revista Digital de Educación Física*, 10, 7–16. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=3659955>
- Molero Clavellinas, J. J. (2011). La planificación de la educación física bilingüe: Aspectos a tener en cuenta en la integración de los contenidos lingüísticos. *EmásF: Revista Digital de Educación Física*, 9, 6–15.  
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=3618316>
- Montero García, K., de la Cruz Villegas, V., & Arias Ovando, J. C. (2019). *El idioma inglés en el contexto de la educación: Formación profesional en un mundo globalizado. Perspectivas Docentes*, 71. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=7742790>
- Muller, A., & Rodrigues Júnior, C. C. (2021). The three pillars of bilingual physical education. *Revista Tempos e Espaços Em Educação*, 14(33).  
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=8076313>

- Organización Mundial Salud (OMS). (2018) *Actividad física*. Extraído de: <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/physical-activity>
- Pate, R. R., O'Neill, J. R., & Lobelo, F. (2008). The Evolving Definition of "Sedentary." *Exercise and Sport Sciences Reviews*, 36(4). [https://journals.lww.com/acsm-essr/Fulltext/2008/10000/The\\_Evolving\\_Definition\\_of\\_Sedentary\\_.2.aspx](https://journals.lww.com/acsm-essr/Fulltext/2008/10000/The_Evolving_Definition_of_Sedentary_.2.aspx)
- Piaget, J. (1967). *Biología y conocimiento*. Siglo veintiuno.
- Salvador García, C., Chiva Bartoll, O. (2017). CLIL in teaching physical education: Views of the teachers in the Spanish context. *Journal of Physical Education and Sport*, 17(3), 1130–1138. <https://doi.org/10.7752/jpes.2017.03174>
- Salvador García, C., Chiva Bartoll, O., & Colomer Diago, C. (2020). The effect of bilingual Physical Education on students' Physical Activity. Things are not always as they seem. (El efecto de la Educación Física bilingüe sobre la actividad física del alumnado. No todo es lo que parece). *Cultura, Ciencia y Deporte*, 15(43), 53–61. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=7282462>
- Salvador García, C., Chiva Bartoll, O., & Fazio, A. (2016). Características del aprendizaje integrado de contenidos de educación física y lengua extranjera. *Retos: Nuevas Tendencias En Educación Física, Deporte y Recreación*, 29, 120–125. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=5400856>
- Salvador García, C., Chiva Bartoll, O., & Vergaz Gallego, J. J. (2018). Percepción del alumnado sobre el uso del método AICLE en Educación Física: estudio de caso. *Retos: Nuevas Tendencias En Educación Física, Deporte y Recreación*, 33, 138–142. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=6367741>
- Sánchez Vegas, V., Coterón López, J., González Peño, A., & Franco Álvarez, E. (2022). Educación Física en centros bilingües: efecto de la utilización del idioma sobre la percepción de la comunicación docente y la motivación del alumnado. *Retos: Nuevas Tendencias En Educación Física, Deporte y Recreación*, 43, 352–360. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=8055262>
- Torres Outón, S. M. (2019). Idoneidad de la educación física para el aprendizaje integrado de contenidos en lengua extranjera (AICLE). *EmásF: Revista Digital de Educación Física*, 60, 57–75. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=7063106>
- Weineck, J. (2005). *Entrenamiento total*. Barcelona: Editorial Paidotribo.

## 14. Anexos

## Anexo 1. Inventario de material de Educación Física

Táboa 15. Inventario do Departamento de Educación Física. Elaboración propia.

<b>Inventario de material do departamento de Educación Física</b>	
<b>Material xeral</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 Radio casete – CD</li> <li>• 1 Mini Cadena Musical con CD (lector de casete estragado)</li> <li>• 3 xogos de altofalantes de ordenador</li> <li>• 1 Amplificador (Fonestar AS170RU)</li> <li>• 1 Lector de CD / USB (Fonestar CD150U)</li> <li>• 1 Micrófono inalámbrico</li> <li>• 2 altofalantes (colgados na parede. Usados: sacados do Salón de Actos)</li> <li>• 1 Cinta métrica: 10 metros</li> <li>• 1 Compresor para inchar balóns</li> <li>• 1 Cinta extensible de 20 m x 5 cm.</li> </ul>
<b>Para gardar-almacenar</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 2 caixas de plástico (moi deterioradas)</li> <li>• 2 gaiolas/baloneiras de ferro (ambas sen parte superior e con rodas estragadas).</li> <li>• 3 Redes portabalóns</li> <li>• 1 Saco porta material</li> <li>• 1 Bolsa Saco para material de floorball</li> <li>• 1 Bolsa para material diverso.</li> <li>• 1 Bolsa/Raqueteiro para material de Bádminton.</li> <li>• 1 Bolsa de Deportes grande “Victor”: sen estrear</li> </ul>
<b>Básico de educación física</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 43 Esterillas (9 azuis grandes e 19 azuis pequenas –ambas de uso habitual- e 15 vermellas-verdes -moi deterioradas-).</li> <li>• 13 Balóns medicinais: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 de 5 Kg.</li> <li>• 5 de 4 Kg.</li> <li>• 5 de 3 Kg.</li> <li>• 2 de 2 Kg.</li> </ul> </li> <li>• 20 Pelotas/balóns diversos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 5 de Ximnasia Rítmica</li> <li>• 6 pelotas de plástico brandas</li> <li>• 9 de caucho celular</li> </ul> </li> <li>• Cordas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 16 de Cáñamo: 2 ( de +- 10 m – anchas-), 7 (de +- 3 m – estreitas-en uso) e 7 (+- 3 m – estreitas – moi usadas).</li> <li>• 20 de Rítmica (19 de diversos cores e 1 azul larga; todas en uso)</li> <li>• 10 Bancos Suecos (6 orixinais –aceptable uso- e 4 moi lixeiros – moi deteriorados)</li> <li>• 9 Aros: 6 grandes + 1 mediano + 2 pequenos laranxas; todos en uso</li> </ul> </li> </ul>

- 
- 9 Picas: 8 de plástico (1 rotas) e una de madeira + 28 Engarces (6 móbiles e 22 fixos)
  - 12 Tablillas numeradas do 1 ao 12.
  - 1 Diana magnética con dardos (3)
  - 1 xogo de Petanca
  - 9 Colchonetas (1 coa funda deteriorada)
  - 1 Colchoneta quitamedos
  - 2 Saltómetros
  - 1 Maletín con 10 Cronómetros (novos) e 3 cronómetros (usados)
  - Varios xogos de petos
  - 37 Reversibles (en uso): 17(branco e azul) e 20 (negros e amarelos)
  - No reversibles (bastante usados): 3 Amarelos + 7 Verdes + 5 Azules + 12 Vermellos
  - No reversibles (a estrear): 15 azules
  - 14 Amarelos de educación viaria
  - 15 xogos de camiseta azul e pantalón azul (serigrafiados)
  - Conos:
    - 35 Chinos (laranxas e amarelos)
    - 10 Clásicos de 30cm con oco para picas (5 verdes e 5 azules)
    - 18 Clásicos (vermellos): 3 tamaños diferentes (20, 30 e 50cm): en uso
    - 1 Grande laranxa
- 

## Equipamentos

- 12 Espaldeiras
  - 2 Canastras fixas e extensibles colocadas en las paredes do ximnasio.
  - 2 Porterías de fútbol sala / balonmán (sen rede): fixas na pista polideportiva exterior.
  - 1 Portería de floorball (pvc – en uso)
  - 2 porterías de floorball (aluminio – en uso)
  - 2 Canastras de baloncesto (móbiles): fixas e con contrapesos na pista polideportiva exterior (ambas con rede)
  - 2 Taboleiros de Baloncesto: para substituír a las canastras móbiles, gardados no soto.
  - 4 Postes de Bádminton: móbiles
  - 2 Postes de Voley: móbiles, instalables en buracos (tapados con un protector cando non se utilizan) no ximnasio (bastante usados). Na actualidade están gardados (postes e rede) en el almacén.
  - 2 Postes de Voley: móbiles, instalables en buracos (tapados con un protector cando no se utilizan) no ximnasio (seminovos).
  - Redes:
    - 2 Voley: para colocar nos postes móbiles interiores: unha seminova e outra (deteriorada) gardada no almacén.
    - 7 Bádminton cos seus respectivos postes: kits desmontables (exterior)
-




	<ul style="list-style-type: none"> <li>- 7 Bádminon (de colgar): 4 unidas por un cable guía con mosquetóns nos extremos para colgar o largo del ximnasio. 3 gardadas no almacén.</li> </ul>
<b>Adestramento funcional</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 3 Gomas extensibles: 1 vermella (moi deteriorada) e 2 azuis (deterioradas)</li> <li>• 2 Escaleiras de coordinación</li> <li>• 5 Body Ball (Fitball) (4 sen estrear e 1 usado)</li> <li>• 2 TRX: novos (laranxa e amarelo)</li> </ul>
<b>Halterofilia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mancuernas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- 4 de 3 Kg.</li> <li>- 5 de 2 Kg.</li> <li>- 2 de 1 Kg.</li> </ul> </li> <li>• 1 Barra de 10 Kg.</li> <li>• Discos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- 3 de 5 Kg (2 Salter e 1 de plástico)</li> <li>- 1 de 2 Kg. (Salter)</li> <li>- 2 de 1 Kg. (Salter)</li> </ul> </li> </ul>
<b>Atletismo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 2 Disco de lanzamento (1 e 1,5 Kg.)</li> <li>• 5 Bolas de peso: diferentes pesos e tamaños</li> <li>• Testigos de relevos: 21 (16 de pvc e 5 de madeira)</li> <li>• 1 Saltómetro para salto de altura de gomas e foam</li> <li>• 4 Vallas</li> </ul>
<b>Orientación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 8 compases (con burbulla de aire)</li> </ul>
<b>Balonmán</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 balóns de coiro/caucho: diferentes tamaños, moi usados/deteriorados</li> <li>• 10 balóns laranxas de goma (brandos-iniciación) nº 1: 9 usados e 1 novo.</li> <li>• 7 balóns azuis de goma (brandos-iniciación) nº 0: 6 usados e 1 novo.</li> </ul>
<b>Bádminon</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 15 Plumas: 15 en uso</li> <li>• Plumas: 8 botes x 6 plumas (sen estrear)</li> <li>• Raquetas: 32 (23 en uso e 9 sen estrear).</li> </ul>
<b>Floorball</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 11 Bolas compactas.</li> <li>• 6 pastillas (puck).</li> <li>• 30 Sticks "Amaya": 7 laranxas (en uso) + 7 verdes (en uso) + 8 azules (a estrear) e 8 vermellos (a estrear).</li> <li>• 27 Sticks "Dom": 12 vermellos en uso + 15 azuis; todos en uso.</li> <li>• 2 Sticks "Visión"</li> </ul>
<b>Tenis de mesa</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 16 pelotas</li> <li>• 8 Raquetas</li> </ul>
<b>Fútbol/futsal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 14 balóns de fútbol sala/fútbol (7 moi usados e 7 sen estrear)</li> </ul>
<b>Baloncesto</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 29 balóns: 27 en uso + 2 a estrear.</li> </ul>


<b>Voley</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 6 pelotas de plástico para iniciación (goma branda - moi deterioradas)</li> <li>• 36 de xogo (25 moi deterioradas e 11 sen estrear)</li> </ul>
<b>Rugby</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 6 pelotas de foam</li> </ul>
<b>Aerobic</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 18 Step / 36 escalóns.</li> </ul>
<b>Deportes alternativos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Indiakas: 20 (en uso).</li> <li>• Pelotas de tenis: 26</li> <li>• 40 Palas: 34 regulamentarias e 3 packs de 2 raquetas (solo 1 pelota) de iniciación</li> <li>• 47 Discos voadores:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- 16 novos / Plástico / Bo voo: 16 sen usar (doazón do club de ultimate).</li> <li>- 18 vellos / Foam / bo voo: 9 (pequenos en uso) + 9 (grandes: 6 en uso + 3 moi deteriorados).</li> <li>- 12 vellos / Foam/ Mal voo: 12 en uso</li> <li>- 1 Disco voador (plástico ríxido): en uso.</li> </ul> </li> <li>• 20 Pelotas Cometa: en uso</li> <li>• 1 Plumón de Badminton</li> </ul>

## Anexo 2. Fichas de avaliación e rúbricas

Táboa 16. Ficha de autoavaliación. Elaboración propia.

Ficha de autoavaliación				
	Nome:	Observacións		
	Apelidos:			
	Grupo:			
Criterios de avaliación		Nunca	Ás veces	Sempre
Colaborei activamente e mostrei iniciativa				
Respectei as decisións tomadas grupalmente				
Tentei aportar ideas e ser creativo				
Cumprín cas miñas tarefas e axudei ao resto cando fixo falta				

Táboa 17. Ficha de coavaliación. Elaboración propia.

Ficha de coavaliación				
	Nome:	Observacións		
	Apelidos:			
	Grupo:			
Criterios de avaliación		Nunca	Ás veces	Sempre
Participou activamente nas actividades				
Respectou as decisións tomadas grupalmente				
Tivo iniciativa e axudou a resolver os problemas				
Foi responsable e cumpriu cas súas tarefas				

Táboa 18. Rúbrica do Lipdub. Elaboración propia.

RÚBRICA "LIPDUB"					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	REGULAR	BEN	MOI BEN	%	Nota
Utilización dos pasos básicos vistos nas sesións de EF	Non utilizan os pasos básicos practicados nas sesións de EF	Utilizan só os pasos básicos, sen engadir ningunha proposta orixinal.	Utilizan os pasos básicos esixidos e engaden novos movementos de colleita propia.		
Coordinación do ritmo musical cos movementos	Non se segue o ritmo, nin conseguen enlazar ben os movementos.	Son capaces de enlazar secuencias de movementos, pero non se axustan ao ritmo da música.	Enlazan secuencias de movementos seguindo o ritmo da música correctamente.		
Utilización das TIC de maneira axeitada e a un nivel acorde á súa idade, para realizar a montaxe final.	Non se amosa un manexo básico das TIC no documento dixital final.	O son e a imaxe non van acompañados, non se fai un plano secuencia ou a gravación é de mala calidade (está en vertical, pouco estable...)	Móstrase un dominio das TIC acorde á idade e a montaxe final é de calidade.		
Interdependencia positiva	Non se observa o esforzo individual necesario; nin se xera o éxito grupal.	Obsérvanse esforzos individuais pero falta cohesión, polo que non se xera un éxito grupal.	Obsérvase esforzo individual e éxito grupal.		
Interacción promotora	Non todos os membros do grupo participan.	Participan todos os membros, pero con protagonismo moi desigual (demasiado protagonismo uns e aparición anecdótica outros).	Participan todos os membros do grupo e fano de maneira proporcionada.		

Táboa 19. Rúbrica Remake caseiro. Elaboración propia.

RÚBRICA "REMAKE CASEIRO"					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	REGULAR	BEN	MOI BEN	%	Nota
Elección e interpretación da escena	Escenas de escasa acción, nas que non se pode apreciar un protagonismo claro da actividade física. Os diálogos non están relacionados cas escenas deportivas.	A actividade física ou o deporte teñen un papel importante, pero a maior parte do tempo céntrase nos diálogos.	Boa proporción entre actividade física ou deporte e diálogos, e estes últimos utilizan termos do argot deportivo.		
Significado das escenas	O curto está descontextualizado, non se desenvolve ningunha trama nin se explican as situacións representadas.	Reprodúcense escenas da película orixinal aportando un contexto para que se entenda e teña significado por si mesma.	A través das diversas escenas, explícase a trama global da película orixinal a modo de resumo.		
Utilización das TIC de maneira axeitada e a un nivel acorde á súa idade, para realizar a montaxe final.	Non se amosa un manexo básico das TIC no documento dixital final.	Móstrase un dominio básico para realizar a montaxe, aínda que non sexa de alta calidade.	Móstrase un dominio das TIC acorde á idade e a montaxe final é de calidade.		
Interdependencia positiva	Non se observa o esforzo individual necesario; nin se xera o éxito grupal.	Obsérvanse esforzos individuais pero falta cohesión, polo que non se xera un éxito grupal.	Obsérvase esforzo individual e éxito grupal.		
Interacción promotora	Non todos os membros do grupo participan.	Participan todos os membros, pero con protagonismo moi desigual (demasiado protagonismo uns e aparición anecdótica outros).	Participan todos os membros do grupo e fano de maneira proporcionada.		

Táboa 20. Rúbrica "A nosa historia, sobre rodas". Elaboración propia.

RÚBRICA "A NOSA HISTORIA, SOBRE RODAS"					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	REGULAR	BEN	MOI BEN	%	Nota
Presentación PowerPoint	Non fan referencia aos detalles importantes nin á relevancia histórica ou cultural do lugar en cuestión.	Citan os detalles descritivos máis importantes da ubicación correspondente, pero non explican a importancia histórica ou cultural.	Describen de maneira breve e clara os detalles máis relevantes; ademais relata o porqué da importancia cultural ou histórica da localización que lles corresponde.		
Utilización das TIC de maneira axeitada e a un nivel acorde á súa idade, para realizar a montaxe final.	Non se amosa un manexo básico das TIC no documento dixital final.	Móstrase un dominio básico para realizar a montaxe, aínda que non sexa de alta calidade.	Móstrase un dominio das TIC acorde á idade e a montaxe final é de calidade.		
Interdependencia positiva	Non se observa o esforzo individual necesario; nin se xera o éxito grupal.	Obsérvanse esforzos individuais pero falta cohesión, polo que non se xera un éxito grupal.	Obsérvase esforzo individual e éxito grupal.		
Interacción promotora	Non todos os membros do grupo participan.	Participan todos os membros, pero con protagonismo moi desigual (demasiado protagonismo uns e aparición anecdótica outros).	Participan todos os membros do grupo e fano de maneira proporcionada.		
Ruta en bicicleta	Non mostra unha boa actitude cara a actividade e mostra descoñecemento ou irresponsabilidade ante as regras de circulación vistas nas sesións de preparación.	Non se mostra especialmente motivado/a ante a actividade, pero é responsable en todo momento e respecta tanto as normas como aos demais participantes.	Mostra unha boa actitude perante a actividade, ademais coñece e respecta as normas de circulación e ao resto de participantes		

Táboa 21. Ficha de avaliación do proxecto (para alumnado). Elaboración propia.

<b>AVALIACIÓN DO PROXECTO (alumnado)</b>					
<p>O presente cuestionario cumpríméntase de forma anónima e ten un valor unicamente informativo, para achegar as opinións do alumnado sobre o proxecto interdisciplinario realizado no presente curso.</p> <p>As respostas sinalaranse tachando a opción elixida cun "X".</p> <p>No caso das respostas numeradas do 1 ao 5:            1 = totalmente en desacordo; 2 = en desacordo; 3 = nin de acordo nin en desacordo; 4 = de acordo; 5 = totalmente de acordo</p>					
Desfrutei realizando as tarefas e actividades propostas no proxecto	1	2	3	4	5
Servíume para coñecer mellor aos meus compañeiros e relacionarme máis con eles	1	2	3	4	5
Custoume adaptarme ás dinámicas de traballo en grupo	1	2	3	4	5
Motivoume a metodoloxía de traballo que se utilizou	1	2	3	4	5
Creo que me axudou a progresar nas materias de EF e Inglés	1	2	3	4	5
A organización das actividades foi boa	1	2	3	4	5
Os recursos dos que dispón o centro son suficientes	1	2	3	4	5
Comenta os aspectos que máis che gustaron:					
Comenta os aspectos que menos che gustaron:					
<b>Comentarios que nos axuden a mellorar</b>					

Táboa 22. Ficha de avaliación do proxecto (para profesorado). Elaboración propia.

<b>AVALIACIÓN DO PROXECTO (Profesores)</b>					
As respostas sinalaranse tachando a opción elixida cun "X". No caso das respostas numeradas do 1 ao 5: 1 = totalmente en desacordo; 2 = en desacordo; 3 = nin de acordo nin en desacordo; 4 = de acordo; 5 = totalmente de acordo					
<b>Referente ao proxecto</b>					
O alumnado en xeral cumpriu cos obxectivos propostos	1	2	3	4	5
O proxecto incentivou a autonomía dos estudantes	1	2	3	4	5
As medidas de seguridade foron suficientes	1	2	3	4	5
O material dispoñible foi suficiente	1	2	3	4	5
É unha experiencia enriquecedora para os/as estudantes	1	2	3	4	5
A coordinación entre áreas/profesorado foi adecuada	1	2	3	4	5
<b>Referente ao docente</b>					
A implicación do profesorado foi a adecuada	1	2	3	4	5
O ambiente de traballo cos demais profesores foi adecuado	1	2	3	4	5
É unha experiencia enriquecedora para o profesorado implicado	1	2	3	4	5
Repetiría a experiencia en cursos futuros	1	2	3	4	5
<b>Comentarios ou observacións:</b>					







## Anexo 3. Itinerario da saída en bicicleta.

Táboa 23. Itinerario da saída final en bicicleta. Elaboración propia.

ITINERARIO		
LUGAR	IMAXE	INFORMACIÓN BÁSICA
IES Salvador de Madariaga		Lugar de saída para todo o grupo.
Cidade deportiva de Riazor		Instalacións deportivas no centro da cidade, utilizadas polos clubs dos deportistas que acompañan a expedición.
Coraza do Orzán		O alumnado explicará que é o que queda das antigas fortificacións desta parte da cidade. Tamén explicarán o porqué das esculturas en honor aos “Heroes do Orzán”
Fonte dos surfistas		Mencionarase que A Coruña foi unha cidade pioneira no apoio a este deporte instalando estas obras no ano 1992.

<p><b>Museo DOMUS</b></p>		<p>O alumnado explicará aos invitados que foi o primeiro museo interactivo dedicado integramente ao ser humano e diversas curiosidades froito da súa propia investigación.</p>
<p><b>Aquarium Finisterrae</b></p>		<p>Centro público adicado á educación medioambiental e á divulgación científica.</p>
<p><b>Antiga prisión provincial</b></p>		<p>Antigo centro penitenciario, protagonista dalgún intento de asalto durante o século pasado.</p>
<p><b>Cidade deportiva da Torre</b></p>		<p>Importante núcleo deportivo da cidade, con campos polideportivos de herba sintética e campo de golf.</p>
<p><b>Estatua de Breogán</b></p>		<p>Explicarase que segundo a lenda, Breogán foi o Rei celta que construíu a Torre de Breogán, (posible predecesora da Torre de Hércules) na cidade de Brigantia (A Coruña).</p>

<p><b>Torre de Hércules</b></p>		<p>Contaranlle aos invitados a le Hércules derrotou ao xigante Xerión e soterrou a súa cabeza. Ademais trátase do faro romano máis antigo aínda en funcionamento e considerada Patrimonio da Humanidade.</p>
<p><b>Paseo dos Menhires</b></p>		<p>Nesta curiosa localización poderán apreciar distintas esculturas e buscar un sitio para descansar e tomar un aperitivo.</p>
<p><b>DESCANSO</b></p>		
<p><b>EASD Pablo Picasso</b></p>		<p>Como dato interesante Picasso foi alumno desta escola na súa xuventude.</p>
<p><b>Reitoría da UDC</b></p>		<p>Lugar de importancia para unha das principais institucións educativas de Galicia.</p>

<p><b>Casa Museo María Pita</b></p>		<p>Nesta localización o grupo correspondente explicará quen foi María Pita e por que é tan recoñecida nesta cidade, centrándose no seu papel contra os ingleses no século XVI.</p>
<p><b>Casa Museo Emilia Pardo Bazán</b></p>		<p>Do mesmo xeito, aquí explicarán quen foi Emilia Pardo Bazán e a súa importancia, con curiosidades como o sobrenome da cidade “Marineda”.</p>
<p><b>Castelo de San Antón</b></p>		<p>Nesta particular construción explicarán brevemente a historia do castelo, que foi utilizado como cárcere, que antes era unha illa e como foi unha das defensas utilizadas durante a defensa contra os ingleses no s.XVI.</p>
<p><b>Praza de María Pita</b></p>		<p>Mencionarán algunha anécdota de María Pita e amosarán o edificio do Concello da Coruña.</p>

<p><b>Teatro Rosalía</b></p>		<p>Breve introdución sobre quen foi Rosalía de Castro e a súa importancia, para falar tamén despois da importancia do teatro.</p>
<p><b>Obelisco</b></p>		<p>Construción que antigamente utilizaba os dous reloxos dos que dispoñía para marcar a hora na Coruña e a hora en Madrid, cando aínda non existía un horario estándar.</p>
<p><b>Xardíns de Méndez Núñez</b></p>		<p>Xardíns de mediados do s.XIX, nos que se instalaron distintas estatuas ou monumentos como homenaxe a diversas personalidades.</p>
<p><b>VOLTA AO IES SALVADOR DE MADARIAGA</b></p>		

## Anexo 4. Mapas da ruta en bicicleta

Primeira parte da ruta ata o descanso para comer:



Ilustración 6. Primeiro tramo do recorrido. Obtido de Google Maps.

Segunda parte da ruta:



Ilustración 7. Segundo tramo do recorrido. Obtido de Google Maps.

Camiño de volta ao instituto:




Ilustración 8. Traxecto de volta ao instituto. Obtido de Google Maps.